

A arte do teatro



FRANÇOIS RICCOBONI



BIBLIOTECA-
ARQUIVO
TEATRAL
FRANCISCO
PILLADO
MAYOR

DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

EDICIÓN
BILINGÜE

A arte do teatro

FRANÇOIS
RICCOBONI



Introducción e tradución:
Roberto Salgueiro

Deseño da capa:
MIGUEL ANXO VARELA

Ilustración da capa:
LA SALLE DES VARIÉTÉS AMUSANTES,
(gravura colorida para un almanaque)

Edita:
BIBLIOTECA-ARQUIVO TEATRAL
«FRANCISCO PILLADO MAYOR»
<https://www.udc.es/es/publicacions/>

© Da presente edición:
DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS, FRANCÉS E
LINGÜÍSTICA

© Da tradución:
ROBERTO SALGUEIRO

DOI:
<https://doi.org/10.17979/spudc.9788497490460>

I.S.B.N.
84-9749-046-0

Depósito Legal:
C - 2530/2002

Impresión:
LUGAMI Artes Gráficas (Betanzos)

Maquetación:
ANTONIO SOUTO

Distribución:
<https://www.udc.gal/publicacions/distribucion>



Esta obra publícase baixo unha lienza Creative
Commons Atribución-CompartirIguál 4.0 Internacional
(CC BY-SA 4.0)



DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

Universidade da Coruña • Facultade de Filoloxía • Campus de Elviña • 15071 A Coruña

Consello Científico:
X. CARLOS CARRETE DÍAZ, PERFECTO CUADRADO,
MANUEL FERREIRO, MANUEL LOURENZO PÉREZ,
CARLOS PAULO MARTÍNEZ PEREIRO, JOSÉ OLIVEIRA BARATA,
FRANCISCO PILLADO MAYOR, FRANCISCO SALINAS PORTUGAL,
ARNALDO SARAIVA, LUCIANA STEGAGNO PICCHIO,
LAURA TATO FONTAÍÑA

A ARTE DO TEATRO

de
FRANÇOIS RICCOBONI

Introdución e tradución:
ROBERTO SALGUEIRO

MMII

A Mari

Agradecementos

*A F. Cabo, polo seu constante ánimo e atentas suxestións,
así como a C. Carrete e F. Sucarrat pola súa inestimábel axuda
que, sen dúbida, enriqueceu a presente tradución.*

LIMLAR



Mlle. Duménil no papel de *Athalie*. Reprodución do álbum *Costumes et annales des Grands Théâtres de Paris*, 1786-1787 (Bibliothèque historique de la Ville de Paris).

O pensamento, a ciencia e as artes experimentaron ao longo do século XVIII un profundo cambio nunha Europa que se debatía entre o clasicismo que xa non respondía ás inxerencias da sociedade e o novo pulso dunha intelectualidade que procuraba outros camiños que puidesen responder ás cuestións emerxentes.

O teatro foi outro deses ámbitos onde o debate e a reflexión foron constantes e en que a necesidade dun cambio de hábitos e, principalmente, de estética sobre os escenarios empuxaba a actores, poetas e críticos a estableceren unha dialéctica verbo de como constituír un novo paradigma escénico. E se o debate estivo presente nos máis importantes centros teatrais europeos, Francia destacou na primeira metade deste século por un prolixo exame sobre o asunto. Ao abeiro da controversia e da meditación xermoláronse na Francia ideas centrais para a renovación da escena europea. Dos textos que se ocuparon da cuestión destaca, entre outros, *A arte do teatro*, de François Riccoboni, un pequeno tratado sobre a interpretación do actor que influíu notabelmente no *Paradoxo* de Diderot, na *Dramaturxia* de Lessing ou nas *Ideas* de J. Engel, por citar os exemplos máis sobranceiros.

Con todo, François Riccoboni é un dos autores menos estudados do XVIII francés, fronte á obra de Louis Riccoboni ou de Sainte Albine, nomes tamén esenciais nesta época de renovación teatral. Hai xa certo tempo, Rougemont (1988) reclamaba a necesidade dun maior estudo da teórica teatral francesa do XVIII, e aínda hoxe falta o estudo preciso que dea maior luz a unha época

tan rica e controvertida. Curiosamente, *A arte do teatro* de François Riccoboni coñeceu a tradución ao alemán das mans de Lessing en 1750, que foi publicada en Berlín por G. Preus no 1954, mentres que no 1762 é traducida ao italiano e publicada en Venecia por Occhi. O feito de non coñecer esta pequena obra tradución a ningunha outra lingua foi un dos principais estímulos, xunto á consideración da súa importancia, para levar adiante esta tarefa. Por outra parte, non abundan –todo o contrario– os estudos sobre as achegas que o actor italiano, afincado en París, fixo para renovar unha escena que o pensamento moderno do XVIII consideraba artificiosa en exceso.

A intención deste traballo é a de achegar ao estudioso do teatro unha ferramenta de análise que lle permita comprender nunha dimensión diacrónica a interpretación teatral moderna, ao tempo que contribuír ao estudo dunha materia e dunha época que resulta, a esta altura do desenvolvemento da teoría e investigación teatrais, pouco nítida, cando non un tanto confusa.

SOBRE A INTRODUCCIÓN

No estudio que antecede a tradución, os textos dos séculos XVIII e XIX son citados respectando a súa acentuación e grafía, con excepción do fonema /s/, optándose, debido a consideracións prácticas, por empregar a grafía “s”.

Algunhas das obras consultadas carecen de data ou lugar de edición, ou de ambas as dúas informacións.

No capítulo IV da introdución, relativo ao tratado de François Riccoboni, cítase seguindo a tradución.

Abreviaturas usadas: s.l. (sen lugar de edición); s.d. (sen data de edición); s.e. (sen editor); il. (ilustración); trad. (tradución); n. do a. (nota do autor).

ALGUNHAS NOTAS SOBRE A FAMILIA RICCOBONI

O apelido Riccoboni estivo ligado á práctica teatral no decurso dos séculos XVII e XVIII. O iniciador da saga foi Antonio Riccoboni, de quen hai testemuño nos escenarios londinenses xa no 1679 interpretando traballos de *commedia dell'arte*. O seu fillo, Luigi Andreas Riccoboni –tamén coñecido como Lelio– naceu en Módena no 1675 e malia a súa inicial vocación eclesiástica foi obrigado a entrar na compañía do pai, onde se inicia na arte de interpretar. Cara a 1699 comeza a traballar na súa compañía un repertorio ao estilo francés, aínda na Italia e en oposición á práctica habitual da *commedia dell'arte*. En 1716 trasládase a París baixo o mecenato do Duque de Orleáns e reabre a Comedia Italiana, disolta no 1697. A residencia da súa compañía foi o Hôtel de Bourgogne, e a compañía estaba composta por xente do contorno familiar, entre outros o seu fillo François Riccoboni, e algúns dos actores da antiga Comedia Italiana. Ao inicio elabora un teatro improvisado en italiano, pero pronto comezará a traballar un repertorio en francés de gran calidade, sendo Marivaux un dos autores con quen colaborou estreitamente. No 1729 deixa os escenarios para comezar unha fecunda actividade literaria que enriqueceu o debate sobre a renovación da escena francesa. Finou en París no ano 1753.

O volume da súa obra dá boa conta do seu interese polo estudo da arte dramática:

(1728): *Dell'arte rappresentatiua capitoli sei* (Londres: s.e.).

(1728): *Histoire du théâtre italien depuis la décadence de la comédie latine; avec un catalogue des tragédies et comédies italiennes imprimées depuis l'an 1500, jusqu'à l'an 1660. Et une dissertation sur la tragédie moderne* (París: Delormel).

(1728): *Lettre d'un comédien français au sujet de l'histoire du théâtre italien: contenant un extrait fidèle de cet ouvrage, avec des remarques* (Paris: Pissot).

- (1731): *Histoire du théâtre italien depuis la décadence de la comédie latine: avec des extraits, et examens critiques de plusieurs tragédies, et comédies italiennes, ausquels on a joint une explication des figures, avec une lettre de M. Rousseau, et la réponse de l'auteur: tome II* (Paris: Cailleau).
- (1733): *Nouveau Théâtre Italien contenant les pièces imprimées & représentées (par les soins du Sieur Louis Riccoboni, dit Lelio* (Paris: Briasson).
- (1736): *Observations sur la comédie et sur le génie de Molière* (Paris: Pissot).
- (1737): *Lettre à M. le Docteur Muratori sur la comédie "L'école des amis"* (Paris: Prault).
- (1738): *Réflexions historiques et critiques sur les différens théâtres de l'Europe: avec les pensées sur la déclamation* (Paris: Guerin).
- (1743): *De la réformation du théâtre* (s.l.: s.e.).
- (1767): *De la réformation du théâtre. Nouvelle éd., augmentée des Moyens de rendre la comédie utile aux moeurs par M. de B**** (Paris: Debure et Breton).
- (1779?) *Dissertazione sopra la tragedia moderna* (Venecia: Zane).

O seu fillo, Antoine-François-Valentin Riccoboni, tamén chamado Lelio II ou Lelio *fiis*, naceu en Mantua no ano 1707 e traballou como actor, coreógrafo e bailarín na Comedia Italiana entre os anos 1726 e 1750. Entre outros motivos para abandonar a práctica escénica, a historia destaca o seu enfrontamento persoal co duque de Richelieu. Casou con Marie-Jeanne de Laboras de Mézières (1713-1792) e morreu en París no ano 1772. A diferenza do pai, non se destacou polo volume da súa escrita teórica ou literaria, pero os textos que deixou resultaron dunha enorme influencia para o evoluir do pensamento teatral europeo,


principalmente a súa *Arte do teatro*, pois os textos restantes son a penas dúas cartas que non se aproximan ao tratado.

(1750): *L'art du théâtre* (París: Simon et Giffart).

(1750): *Lettre de Mr. Riccoboni, fils, à Monsieur*** au sujet de l'art du théâtre* (s.l.: s.e.).

(1754): *Istruzioni per il teatro comico scritte a maniera di lettera e mandate a un suo amico che è voglioso di comporre commedie* (Mantua: Passoni).

Da *Arte do Teatro* existe unha tradución ao alemán, realizada por Lessing no ano 1750 e publicada no 1954: *Die Schauspielkunst* (Berlín: Preus), e outra ao italiano no 1762: *L'arte del teatro: dissertazione tradotta in italiano* (Venecia: Occhi).



Jean-Jacques Lequeu (1757-1826). Esbozo para unha sala de teatro. Sección e perfil das salas. Pluma, tinta da China e aguarela (c. 1780).

**APROXIMACIÓN AO ESTUDIO
DUNHA TEORÍA DA
INTERPRETACIÓN
TEATRAL MODERNA**

1. *A ARTE DO TEATRO* E O SEU CONTEXTO INTELECTUAL

A historia do teatro europeo contemporáneo legou para o estudioso da arte dramática e para quen nela se inicia nomes que constitúen unha referencia básica, ligada a unhas opcións estéticas e metodolóxicas para o traballo do actor. Stanislavsky, Meyerhold, Craig, Appia, Antoine ou Brecht foron actores e directores que, xunto á súa praxe, desenvolveron un corpus teórico substancial no evoluir da arte dramática en occidente. Tras eles hai outros nomes non tan coñecidos nin tan citados que sustentaron as principais reflexións daqueles. Procurar os puntos de partida dunha concepción moderna do teatro vén ser xustamente isto, establecer o percorrido do pensamento e da praxe teatral europea que se concluíu na definición decimonónica da arte teatral como feito autónomo, non dependente da escrita dramática, que establece para o actor unha metodoloxía de traballo escénico e que, consecuentemente, concepción o actor como unha realidade substantivada en si mesma, un conxunto orgánico que debe ser rexido por unha estrutura de pensamento teatral, que non dramático.

É certo que houbo momentos en que o actor foi considerado á par do texto dramático e que a súa presenza en escena era tan importante como a propia palabra; o teatro de barracón ou a *comedia dell'arte* son bos exemplos, pero a conformación dunha metodoloxía específica destinada á interpretación do actor en exclusividade, e non como parte dunha retórica ou dunha poética, non tivo lugar ata o século XVIII. O espallamento destas propostas en Europa estivo ligado a unha opción estética moi definida: o realismo. E, malia que a teoría foi sempre por diante da praxe no XVIII, salvo contadas excepcións, o século XIX foi testemuña do seu resultado práctico; a obra de André Antoine, dos Meiningen ou de Stanislavsky son algúns exemplos. Con todo, o desenvolvemento teórico da arte teatral no XVIII tamén foi un pulo fundamental para a constitución doutras

opcións estéticas no XIX e no XX, xa que aqueles primeiros estetas vencellados ao realismo dotaron a arte do actor da autonomía necesaria para despois imprimirlle unha estilística determinada. En definitiva, os teóricos do XVIII europeo gañaron para a arte dramática a autonomía do actor e, por extensión, a da posta en escena. E como vehículo estético empregaron o realismo.

Este cambio que o pensamento teatral europeo experimenta non é senón o reflexo de que acontece noutros ámbitos da sociedade. No século XVIII experimentase un proceso de cambio radical no pensamento. Como indica Fischer-Lichte:

Las revoluciones y cambios que tuvieron lugar en el siglo XVIII conciernen en gran medida a las ideas de la época sobre el hombre, su naturaleza y destino. De este proceso resulta por un lado la necesidad de una investigación científica de la naturaleza humana sobre una base empírica y con ello la formación de nuevas ciencias, pero por otro la de una representación nueva del hombre en el arte adaptada a estos cambios (Fischer-Lichte 1999: 497).

A metamorfose intelectual experimentada polo individuo, o pensamento emerxente que obriga a cuestionar a perspectiva do Antigo Réxime –na súa máis extensa concepción política, social e relixiosa–, e que provoca no ser humano a necesidade de procurar novas respostas ás vellas preguntas que, sistematizadas polo pensamento clásico ata entón semellaban satisfeitas, conclúen nun avance decidido cara ao mundo moderno.

Desde os inicios do século XVIII comeza a producirse unha transformación no pensamento fundamentada nun aspecto que ata entón carecía de valor científico e estético: o cotián. Concepto ligado a todo aquilo que se referencia como concreto e que adquire unha nova dimensión nos campos das ciencias, da filosofía, das artes. Ligado, intimamente, ao concepto de natureza. O home adquire conciencia da súa individualidade porque se enfronta ao

outro, categoría que engloba a totalidade do empírico que non é o eu. A natureza cobra, xa que logo, un significado antes ignorado e, en definitiva, a idea de singularidade pasa a un primeiro plano. O mundano e cotián é revelado xa non como mero accidente, senón como elemento significador, punto de referencia onde o home trata de atopar a explicación ás súas inxerencias e angustias.

Este concepto acada un valor estético que antes descoñecía. Como afirma Behler (1990) a idea de modernidade nas artes entra despois dun longo percorrido pola física, medicina, xeometría, aritmética e música. Se o século XVII é testemuña da contenda entre o novo espírito científico, abandeirado por Bacon, Descartes e Pascal e a súa idea de progresión, e a vella autoridade académica, o XVIII serao entre a nova estética dos modernos e a rixidez das normas contempladas polos clasicistas. En efecto, “not until late in the eighteenth century did the ideas of progression and perfectibility enter the aesthetic domain” (Behler 1990: 38).

Intelectualmente prodúcese un salto do dominio do transcendente ao concreto. Georges Gusdorf afirma:

L'interrogation psychologique développe et systématise l'exploration de la conscience humaine, déliée des normes transcendentes, et dont on s'efforcera de ressaisir les articulations concrètes. La discipline nouvelle reflète un nouveau régime de l'existence, où chaque individu a conscience de vivre une vie qui lui appartient en propre (Gusdorf 1973: 93).

Velaí que o home aprehe un novo estatus intelectual, o da autoconciencia. E por fin é un fronte ao outro, descobre a súa individualidade e perde o acougo ofertado pola categoría do Absoluto para pasar a temer a súa propia liberdade, pois como individuo, para se realizar, cómprelle facer uso dela. Agora o centro da traxedia é o home e non Deus e o Destino, “en la medida en que el miedo a un aislamiento del Yo en el espacio y tiempo y la tristeza que se origina

en la conciencia por el carácter pasajero de toda existencia dejaron de dominar el sentimiento vital de los hombres” (Fischer-Lichte 1999: 392). Se no XVII o canon da ciencia clásica, a *Física* de Aristóteles, sofre os envites do pensamento renovador, no XVIII será a súa *Poética* a que deixe de ser o único traxecto posíbel para a arte¹, e a nova concepción estética, determinada pola súa atención á natureza, posibilita a expresión de “thousands of delicate sentiments entirely absent in the ancients” (Behler 1990: 46).

Joseph Addison (1991) nos seus ensaios publicados en *The Spectator* no ano 1712, que sitúan a natureza como obxecto de reflexión, como vindicación estética do empírico, consideración central no discurso artístico e teatral deste século, non ofrece ambigüidades sobre a nova postura do home perante a natureza como referente artístico:

Si las producciones de la naturaleza se aprecian mas, quando mas se asemejan á las del arte, podemos estar tambien seguros de que las de éste reciban su mayor perfección de la semejanza á aquellas, porque entónces no solo es agradable la semejanza, sino mas perfecto su modelo [...] Es preciso confesar que la novedad de semejante vista² puede ser causa del placer de la imaginación; pero la razón principal es ciertamente su próxima semejanza con la naturaleza [...] (Addison 1991:156).

Eis o *Dieu est mort!* moderno, ou o home coa competencia divina de crear, de coller como referencia a natureza pero non co obxectivo de transformala, pois o artista

Tiene en su mano el modelo de la naturaleza, y puede darle los encantos que guste; con tal de que no la reforme demasiado, y caiga en absurdos por querer aventajarse á ella (Addison 1991: 193).

¹ Un novo traxecto, entre outros, é o aberto polo tratado de Longino, *Sobre lo sublime*. Texto ás veces esquecido, e sobre o que Rosario Assunto nos di: “el pseudo-Longino comienza a adquirir los signos que nos autorizan a ver en su escrito una suerte de autorizado mentor de una corriente anti-aristotélica del pensamiento estético y artístico modernos” (Assunto 1989: 20-21).

² Estase a referir á paisaxe observada a través dun instrumento óptico.

Addison avanza unha cuestión decisiva na execución artística: ¿onde debe ficar a man creadora? Se a referencia a imitar é a natureza, ¿o creador debe estar presente ou ausente do obxecto artístico? Se o obxecto artístico debe resultar verosímil, ¿acaso non debe ficar ausente del o exercicio patente da creación? As reflexións do británico verbo da xardinería resultan moi elocuentes ao respecto:

Con mas gusto veo un árbol con todo su follage y lozanía, que dispuesto y contorneado en alguna figura matemática, y un vergel florido y ameno me parece mas delicioso que todos los pulidos laberintos del jardin mas acabado (Addison 1991: 159).

A influencia da xardinería chinesa no novo concepto de xardín moderno é fundamental, pois recolle as inxedanzas deste espírito renovador³. No xardín chinés está ausente a man creadora, non achamos pegada dunha tesoir, sinal evidente da intromisión do artífice no xardín clásico europeo. Cando se refire ao xeito chinés de entender a xardinería, Addison fai notar que: “ocultan siempre el arte que los gobierna” (1991: 158). A pegada da man creadora do clasicismo evidencia o precepto, a norma reguladora da obra de arte. Nesta época de renovación, esa sinatura tende a esvaírse en favor do propio obxecto artístico na procura dun maior realismo. Velaquí a crítica de Addison á xardinería inglesa:

Por el contrario los jardines ingleses, en lugar de lisonjear á la naturaleza, se complacen en hacer la resistencia posible. Los árboles se alzan conos, globos y pirámides, y en qualquier planta ó arbusto vemos la señal de la tixerera (Addison 1991: 159).

Esta visión do xardín inglés é a mesma que achamos noutros países europeos, como é o caso de Francia, onde o deseño paisaxístico de Lenôtre, autor dos parques de Versailles, Chantilly e Vaux, recolle este gusto neoclásico pola figura xeométrica.

³ Cómpre citar a importancia ao respecto de William Temple, *Upon the Gardens of Epicurus* (1685) e, xa máis posteriores, *On Modern Gardening* de Horatio Walpole (1771) e *A dissertation on oriental gardening*, de William Chambers (1772).

Neste contexto de profunda transformación que experimenta o pensamento é no que se inscribe o cambio na concepción teatral que emerxe no XVIII. *A ausencia da man creadora* é o obxectivo dos novos teatristas europeos que ao longo deste século reaxen contra a presenza da norma e do precepto neoclásico en escena, e que se traduce na presenza do actor e non do personaxe ante o público. Isto é, o espectador do teatro neoclásico nunca contempla en escena o personaxe, senón o actor relatando ao personaxe. Nunca é Orestes, senón o actor dicindo a Orestes; sempre é o actor o estatus presente. Os homes do novo teatro conciben en escena un personaxe, non un actor. Procuran un achegamento á natureza, á realidade que collen como referencia; tratan de resultar verosímiles en escena. O anterior xeito de interpretar, que viña regulado polos cánones éticos, estéticos e sociais do neoclasicismo, é considerado a todas luces afectado:

El cambio del concepto de naturaleza hizo aparecer al código cinésico barroco como algo sin función, porque ya no se podía entender sus gestos y movimientos como imitación de la naturaleza, sino que, si se partía de la naturaleza empírica, se consideraban artificiales, amanerados y bastante ridículos (Fischer-Lichte 1999: 404).

A necesidade de cambio na arte teatral leva os actores e literatos a escribiren tratados ao respecto onde tratan de formalizar, de moi diversa maneira, un método que regularice este teatro, o Teatro Moderno, tal e como o define Louis Riccoboni no 1747 en *De la réformation du théâtre*. Fischer-Lichte afirma que “la necesidad de un teatro nuevo que fuera capaz de crear en el público la ilusión de un acontecimiento real, conlleva la exigencia de un drama nuevo y de un arte dramático nuevo” (1999: 407) e, en efecto, tal esixencia motiva a redacción de numerosas obras ao longo de todo o XVIII en diversos países da Europa. É un movemento xeneralizado en que o contacto é permanente e en que a circulación das diversas edicións e manuscritos –pensemos no caso do *Paradoxe sur le comédien* de

Diderot, escrito entre 1770 e 1778 e publicado por vez primeira no 1830— é constante. Pierre Peyronnet ten presente esta realidade, que contribuiu a enriquecer o debate e a reflexión: “Dans les interpénétrations de cultures ou de pays voisins, on peut facilement aligner des noms” (1974: 35).

Nun momento de mudanza semellante ve a súa aparición *A arte do teatro* de François Riccoboni. O pequeno tratado, publicado en París en 1750, é recibido con gran interese e eloxio por unha boa parte dos teatristas modernos, e pasa a ser unha das grandes referencias para esta nova concepción da arte do actor. Diderot elóxiao en diversas partes do seu *Paradoxe* e Lessing tradúceo inmediatamente ao alemán. Pero, ¿como situar esta pequena obra nun debate tan intenso e prolixo?

Durante os primeiros sesenta anos do século XVIII, Francia é un referente escénico para toda a Europa. Preto dun centenar de textos sobre a práctica escénica alimentan este debate de renovación, e só entre 1750 e 1759 saen do prelo uns sesenta títulos, o cal dá boa conta da intensidade do proceso. Xa no XVII xorden as primeiras tentativas para reformular o teatro nas marxes dunha perspectiva que se achegue ao verosímil escénico, con Hédelin d’Aubignac que escribe *Pratique du Théâtre*, publicado en 1657 e reeditado en 1669. En 1707 Grimarest dá a coñecer o seu *Traité du récitatif*, pero non é ata 1719 que se publican as *Réflexions critiques sur la Poésie et sur la Peinture* do Abbé Du Bos e que coñeceu numerosas reedicións. Louis Riccoboni publica en 1738 *Réflexions historiques et critiques sur différens théâtres d’Europe: avec les pensées sur la déclamation*, Rémond de Sainte Albine publica en 1747 *Le Comédien* (traducido un extracto ao alemán en 1754 por Lessing, co título *Schauspieler*⁴) e á que lle segue *A arte do teatro* de François Riccoboni en 1750. De 1754 é *L’Eloquence du Corps, ou l’Action du Prédicateur* de Dinouart

⁴ Lessing (1883-1890): “Lessings Werke” en *Theatralische Bibliothek* (Berlín-Stuttgart: Boxberger).

e de 1758 o *Essai sur la déclamation tragique, poème* de Dorat. Xa de 1769 é o tratado de Jean-Baptiste Nougaret, *De l'art du théâtre; où il est parlé des differens genres de spectacles, et de la musique adaptée au théâtre*, e de 1773 *Du Théâtre, ou Nouvel Essai sur l'art dramatique*, de Louis-Sébastien Mercier. En fin, non é difícil imaxinar un París convertido nun corpúsculo de teatristas, o centro da *vanguardia* teatral europea: “París está cheo de teatros particulares e todo o mundo quere ser actor”, sinala François Riccoboni ao inicio do seu tratado. Co paso dos anos, cara ao final de século, as achegas dos teóricos xermanos resultan indispensábeis para o desenvolvemento teatral. O protagonismo das reflexións de Lessing⁵ na súa *Dramaturgie* (Lessing: 1993) e de Johann Jacob Engel⁶ é incuestionábel. E así como os textos franceses se difundiron na Alemaña e a súa influencia foi grande, os textos de Lessing e J. Engel foron traducidos rapidamente ao francés, en 1785 e 1788, respectivamente.

Tal circunstancia de profusa creación teórica deseña un ámbito desconcertante aos ollos do lector, non só polos matices nos contidos elaborados, mais tamén pola mesma formalización da escrita, que abrangue textos poéticos, ensaios, tratados retóricos, cartas, etc. e que non sempre resultan claros na súa comprensión. En 1974 Peyronnet reflexionaba sobre esta cuestión ao considerar que “Nous comprenons alors l'absence d'une étude sur les essais de réforme: l'apparent chaos d'idées neuves peut rebuter quiconque ne se résout pas à en démêler les fils, d'autant que les audaces d'alors nous sem-

⁵ Gotthold Ephraim Lessing nace no ano 1729 e morre no 1781. Traballa como dramaturgo do Nationaltheater de Hamburgo, e a súa *Dramaturxia de Hamburgo* constitúe un dos puntos de partida do teatro contemporáneo. As reflexións que realiza sobre a constitución dunha dramaturxia nacional poden ser consideradas centrais na articulación do futuro teatro alemán. Aínda que escribiu as primeiras comedias seguindo o estilo francés, imperante no ámbito xermano, será contra esta tendencia xeneralizada que posicionará as súas argumentacións, volvéndose cara a Shakespeare e as compañías inglesas.

⁶ Johann Jacob Engel nace no ano 1741 e morre no 1802. Director do Nationaltheater de Berlín entre 1787 e 1794, escribe un ensaio sobre a interpretación do actor inspirado na dramaturxia lessingniana, *Ideen zu einer mimik*, publicado nos anos 1785-1786, que será traducido ao francés en 1788, edición moi coñecida e que servirá de base para as posteriores traducións ás linguas inglesa e italiana. Sen dúbida, o seu pensamento adianta en máis dun século os proxectos do naturalismo stanislavskiano e os obxectivos do Teatro da Arte de Moscova.

blent aujourd'hui bien timides" (1974: 135). Malia a distancia no tempo desta afirmación, o certo é que a investigación teatral aínda non ofreceu a luz necesaria para situar e comprender na súa magnitude este momento de cambio. Cómpre seguir a desenredar os fíos para encaixar correctamente nesta dialéctica *A arte do teatro* de François Riccoboni.

O certo é que este abondamento no ámbito teórico non tivo axiña unha correspondencia na escena europea e, particularmente, na francesa, e son escasos os exemplos, aínda que sobranceiros, dos actores que pasan a simbolizar as argumentacións deste novo teatro. ¿Quen pode esquecer Garrick⁷, en Inglaterra, ou Ekhof⁸ en Alemaña? ¿Quen non recoñecería a importancia do traballo de Le Kain⁹ para a escena francesa e europea, ou da propia Mlle Clairon¹⁰? P. Peyronnet establece con clareza a situación en Francia:

⁷ David Garrick nace no 1717 e morre no 1779. Actor e dramaturgo inglés de gran influencia no mundo teatral europeo. O seu traballo é coñecido en Francia e Alemaña, e para os teóricos do Teatro Moderno é un dos modelos a seguir. Ligado ao Drury Lane desde o 1742 ata 1776, ano do seu retiro, destacan as súas interpretacións de Shakespeare desde que se dera a coñecer co *Ricardo III* do mesmo autor. Renovador da escena inglesa na procura dun maior verismo escénico, desterra a declamación tradicional e o estilo afectado da interpretación; exerce un prerrealismo escénico, tanto na súa interpretación como nas reformas que leva adiante: impedir a presenza de espectadores en escena, melloras na iluminación do escenario e no deseño naturalista dos decorados.

⁸ Konrad Ekhof nace no 1720 morre no 1778. É o modelo de actor realista na dramaturxia lessingniana. Despois de traballar nas compañías de Schönemann e Ackermann fai a súa aparición no emblemático Nationaltheater de Berlín, entre os anos 1767-1769. En 1753 funda a primeira escola para actores. Admirado dentro e fóra da Alemaña, destaca pola súa naturalidade interpretativa e a simplicidade do seu traballo.

⁹ Henri-Louis Le Kain nace no ano 1729 morre no 1778. Protexido de Voltaire, é outra das personalidades da escena francesa que contribúe de xeito decidido a renovar a posta en escena. Fai a súa aparición en escena en 1750, interpretando o personaxe de Titus na obra de Voltaire *Brutus*, autor sobre o que volverá en repetidas ocasións –*Rome sauvée, L'Orphelin de la Chine, Tancredi, Le Triumvirat...*-. Como os seus coetáneos significados, viaxa a outros países onde admiran o seu traballo, como foi o caso en Berlín na corte de Federico o Grande. As súas reformas na procura desa renovación teatral foron numerosas: foi unha das voces principais que reclamaron a supresión das bancadas no escenario –que impedían o ilusionismo escénico–, demandou un maior verismo no atrezzo e vestiarios, axeitándoos á realidade histórica. Tamén defendeu a necesidade dunha elocución máis natural, rexeitando a vella arte de declamar do *théâtre ancien*.

¹⁰ Claire-Josèphe-Hippolyte de la Tude, Mlle. Clairon, nace no 1723 e morre no 1803. Formada na súa primeira idade na Comedia Italiana, fai a súa presentación con gran éxito en 1743, interpretando a *Fedra* escrita por Racine. Protexida de Voltaire, traballou durante anos con Le Kain, e xunto con el contribuíu na reforma do vestiario e atrezzo escénicos, na intención dunha maior coherencia histórica. En 1772 marcha a Ansbach –Alemaña– onde traballa como actriz ao longo de 17 anos, para regresar a París en 1789.

seuls des Le Kain, des Clairon, des Talma¹¹ parce qu'ils croient en leur métier, obtiennent à force de ténacité de réformer des situations qu'ils jugent contraires à leur art bien compris. Parce qu'ils sont exceptionnels, ils marquent leur temps; mais ils prouvent aussi que les autres comédiens ne sont pas préparés à des modifications craintes comme des bouleversements (Peyronnet 1974: 137).

Por outra parte, resulta obvio que non ha ser proveitoso para o investigador acudir a estes textos coa ollada do século XX. Ao contrario, cómpre achegarse a eles coa mirada e desde o contexto do propio século XVIII, se a pretensión é analizar na súa xusta medida a contribución deste pensamento renovador á historia da arte teatral.

En definitiva, cómpre sinalar que o século XVIII é testemuña dun debate entre o vello e o novo teatro que podemos sintetizar nunha polémica entre a afectación (falsidade) da interpretación do actor antigo e a naturalidade (verdade) do novo actor. É, podemos afirmalo, un debate estético. E a formalización do novo teatro a partir do realismo, unha opción estética. Os novos teóricos do teatro europeo reclaman o verdadeiro escénico ou o ilusionismo. As mellores formalizacións teatrais do realismo non han chegar ata finais do XIX, con André Antoine en Francia ou cos Meininger na Alemaña, pero é no século XVIII cando se asentán as premisas desta opción.

Se é doado ver en Shakespeare, en Lillo e no seu *London Merchant*, no teatro do Século de Ouro español, mesmo en Aristófanes e no mundo clásico, exemplos certos dunha estética realista, non é ata o século XVIII que esta tendencia se consolida como unha opción estética e que establece, a través dunha metodoloxía, os mecanismos para levala a cabo. Trátase dunha consolidación globa-

¹¹ François Joseph Talma nace no 1763 e morre no 1826. Actor favorito de Napoleón, participou de xeito fundamental na renovación da escena achegando a interpretación do actor así como o alicuído e o vestuario ao realismo. Formado en Inglaterra, leva a Francia as innovacións que nos teatros de Londres tratan de acadar na escena un efecto ilusionista. Carismático nos tempos da Revolución Francesa, interpreta a Voltaire e a Racine, entre outros.

lizadora e consciente da súa dimensión. Os novos teóricos do XVIII saben que están sentando as bases dun teatro moderno. É un teatro novo que se corresponde cunha imparábel renovación ética e estética da sociedade.

Así como as vangardas de comezos do século XX se posicionan abertamente contra o naturalismo decimonónico, o realismo é no século XVIII a verdadeira transgresión estética da regulamentación neoclásica da posta en escena. É por este camiño transita decidida *A arte do teatro* de François Riccoboni.

2. *A ARTE DO TEATRO* E O SEU CONTEXTO TEATRAL

Cando os teatristas franceses que procuran renovar a escena desde esta nova visión do natural se cuestionan a arte da interpretación, en que, seguindo a Fischer-Lichte “El sentimiento natural se convierte en garante de la creación de signos, que deben ser capaces de despertar la ilusión de un sentimiento natural” (1999: 407), non encerran as súas reflexións no ámbito puramente interpretativo, pois entenden que outros aspectos relativos ao traballo actoral inciden de xeito considerábel no resultado escénico. Así, se é lóxica a necesidade dunha nova interpretación para unha nova visión da arte dramática que procura, fundamentalmente, un maior realismo, tamén cumprirán cambios noutros elementos esenciais que, como a interpretación clasicista, afastan o espectador dun efecto ilusionista. Estes son o propio edificio teatral, e tamén o tratamento da iluminación e do vestiario.

Convén precisar que as fontes de información deben ser analizadas con cautela, pois sobre a práctica teatral non abunda a documentación, e a que existe, en moitas ocasións, é de dubidosa calidade. A correspondencia, as novelas descritivas do mundo do teatro, os textos de viaxes, as didascalías e algunhas memorias son unha fonte importante de información que debe ser contrastada con rigo-

rosidade. As ilustracións non sempre resultan ser unha fonte fiable de información, xa que en moitos casos estas imaxes estilizan a figura do actor ou da actriz, a súa pose hierática arreda a figura do medio escénico e implántaa nunha sorte de idealización clásica e mítica¹². Que dicir dos aspectos escenográficos, que deben ser atendidos con gran coidado, pois a documentación conservada é moi ambigua, se temos en conta as diferencias entre o espacio escénico deseñado, a súa realización en maqueta e, finalmente, a súa traslación á escena. Ou da propia iluminación, sobre a que existe escasa información documentada.

2.1. AS SALAS DE EXHIBICIÓN

Entre os elementos que condicionan a interpretación do actor e, por extensión, a posta en escena cómpre destacar o edificio teatral, pois ata a segunda metade do século XVIII, “personne n’a pensé à construire un théâtre en tenant compte de sa fonction” (Peyronnet 1974: 57). As datas en que se editan os tratados relativos á renovación dos teatros son significativas: Cochin (1765), Blondel (1771), Roubo (1777).

En efecto, a práctica teatral en Francia desenvólvese nos, denominados por Holsboer, teatros irregulares e teatros regulares (1976: 31). Os primeiros son os que se sitúan na rúa, en prazas ou, como acontece en París, no Pont-Neuf, sobre un estrado e co público a tres frontes. Os segundos non son outros que as salas pechadas, sobre os cales as reflexións verbo da súa arquitectura resultan de gran interese para o desenvolvemento da arte teatral.

¹² De obrigada consulta, entre outros, o traballo de Bernard Populus (1930): *Claude Gillot (1673-1722) – Catalogue de l’oeuvre gravé* (París: Publications de la Société pour l’Etude de la Gravure Française); o de Kirsten Gram Holmström (1967): *Monodrama, Attitudes, “Tableaux vivants”* (Estocolmo: Almqvist & Wiksell); o estudio sobre o actor alemán Iffland, en H. Härle (1925): *Ifflands Schauspielkunst. Ein Rekonstruktionsversuch auf Grund der etwa 500 Zeichnungen und Kupferstiche William Henschels und seiner Brüder* (Berlín: Schriften der Gesellschaft für Theatergeschichte); ou “The Performance Practice of Acting: The Eighteenth Century”, en *Theatre Research International*, de Dene Barnett, 1976-1977.

Desde o século XVI é habitual que as compañías de teatro aluguen as salas de xogo de pelota para presentaren os seus traballos¹³ (ver il. 1). Holsboer sinala que “le Bâlois Thomas Platter, venu à Paris en 1599, évalue à près de onze cents, faubourgs compris, les salles de jeu de paume qui s’y trouvaient” (1976: 38). Sen embargo, as características arquitectónicas destes edificios non son axeitadas, nin para o traballo dos actores nin para o propio público. En exceso longas e estreitas de máis, non posibilitan o aproveitamento dun espacio escénico tan limitado. Mesmo despois de reformas, continúan sen daren resposta axeitada á necesidade dun espacio máis útil. O caso do teatro das Tullerías (*Salle des Machines*), transformado e inaugurado en 1662, é significativo: cun ancho total na sala de 8 metros, o espacio para o público ten unha profundidade de 14 metros e a escena de 23 (ver il. 2).

Holsboer ilustra perfectamente a situación:

Une salle de jeu de paume mesurait en moyenne 30 mètres de profondeur sur 10 de largeur, déduction faite des galeries. On voit que de telles salles n’étaient pas l’idéal: la nécessité s’imposait de placer la scène en profondeur et de la restreindre par conséquent aux 10 ou 12 mètres de largeur que comportait la salle

[...]

Les murs n’étaient pas, pour la hauteur, proportionnés à l’ensemble de l’edifice, puisqu’ils atteignaient seulement cinq mètres environ, mais en revanche la toiture, cette toiture qui a dû attirer les comédiens plus encore que l’espace clos de murs, que représentait un jeu de paume, s’élevait à 10 ou 12 mètres au-dessus du sol. C’est donc dire que le toit et sa charpente ne reposaient pas sur les murs (Holsboer 1976: 38-39).

A distancia que ficaba entre estes muros e o teito, que podía chegar aos cinco metros (ver il. 1), permitía que a luz do sol iluminase o interior da sala, mais non acoutaba o espacio escénico, de tal xeito que este e o lugar destinado ao espectador formaban unha unidade.

¹³ Ver Vitu (1883): *Le jeu de paume des Métayers* (Paris: s.e.).

A estreitez inicial, que condiciona a posta en escena, vese incrementada pola práctica habitual –motivo de arduas disputas– nos séculos XVII e XVIII de tolerar nestas salas a presenza de espectadores sobre a escena.

Inicialmente existía unha ubicación para as clases privilexiadas nestas salas e, en correspondencia, eran as entradas máis caras: os palcos. Mais non ha tardar en producirse un cambio no hábito de certos espectadores que pretenden ocupar a escena na súa categoría de espectador, non por cuestións de maior visibilidade do xogo escénico, mais por unha cuestión de estatus social, pois o escenario permítelles seren contemplados polo resto dos espectadores. Holsboer tamén atopa na cuestión do estatus a explicación a este feito:

Au XVIIe siècle, une catégorie de spectateurs refuse de trouver suffisante pour sa qualité les places de galeries, même les meilleures et on voit s'introduire un usage qui ne cessera qu'à l'époque de Voltaire: "les places sur la scène" (Holsboer 1976: 266).

Neste caso, os espectadores sentaban en grandes butacas ao longo do decorado central, nos laterais da escena e, mesmo, no proskenion e de costas ao público. Ademais, ao seren estas primeiras ubicacións de carácter móbil, crea maior confusión e molestia. O feito de sentírense observados anima estes espectadores de *calidade* a facérense notar aínda máis; as anécdotas ao respecto son numerosas¹⁴, e as interrupcións da función constantes. "Aucun des principaux théâtres de la capitale n'échappe à cette habitude", afirma Peyronnet (1974:59), quen cita como exemplo desta situación o acontecido no Hôtel Guénégaud nunha función da *Athalie* de Racine:

La cohue est telle à la représentation d'Athalie du 16 décembre 1739 [...] qu'il est impossible d'achever la pièce (Peyronnet 1974: 59).

¹⁴ Ver Michel de Pure (1658): *Idée des spectacles anciens et nouveaux* (París: s.e.); Samuel Chappuzeau (1674): *Le Théâtre français* (París: René Guignard).

Molière tamén se fai eco nas súas obras desta situación:

Les acteurs commençaient, chacun prêtait silence;
Lorsque, d'un air bruyant et plein d'extravagance,
Un homme à grands canons est entré brusquement
En criant: "Holà! ho! un siège promptement!"

[...]

Mais l'homme pour s'asseoir a fait nouveau fracas,
Et, traversant encor le théâtre à grands pas,
Bien que dans les côtés il pût être à son aise,
Au milieu du devant il a planté sa chaise,
Et de son large dos narguant les spectateurs,
Aux trois quarts du parterre a caché les acteurs.
(Molière 1962: 162).

E se os actores fican na obriga de traballaren en marxes tan reducidas, estas limitáanse máis cando, na procura de evitar as interrupcións dos espectadores, se sitúan unhas balaustradas diante dos asentos de escena (ver il. 3).

Deste xeito prodúcese unha constante confusión entre o mundo empírico (espectador) e o mundo escénico (actor). ¿Como pretender unha escena ilusionista con esta clase de contradicións conceptuais? Non ha ser ata 1759 que os asentos e as balaustradas son eliminadas da Comedia Francesa, mercé á loita de Voltaire, Le Kain e ao apoio do conde de Lauraguais –Louis-Félicité de Brancas–, que financiou cun custo de 60.000 libras a reforma¹⁵. Os planos da reforma foron realizados polo mesmo Le Kain, e o arqui-

¹⁵ Na posterior renovación do edificio teatral francés, a consideración da arquitectura teatral italiana é fundamental, xa que no século XVI opta pola escena ilusionista baseada na suma da *cavea*, *orchestra*, *scaenae*, *frons scaenae* e a perspectiva, seguindo a lectura da *Arquitectura*, de Vitruvio Polion (s. I a. de C.), texto que ata o ano 1673 non coñece a súa tradución ao francés, realizada por Claudio Perrault baixo a encomenda de Luís XIV, con gran riqueza de láminas, e que anos máis tarde estudarán Cochin, Dumont, Arnoult e outros arquitectos franceses co fin de renovaren o edificio teatral francés. Tamén é decisiva a influencia do *Trattato sopra la struttura de theatri e scene* de Fabrizio Carini Motta, publicado en Mantua no ano 1676 e que non é traducido á lingua inglesa, curiosamente, ata o ano 1987, por K. Orville.

tecto foi Desboeufs. C. Collé, ao reflexionar tempo máis tarde sobre esta cuestión, escribe:

Je fus voir la salle de la Comédie-Française sur le théâtre de laquelle on ne souffrira plus personne. Dieu veuille que cela dure! Cela fait le meilleur effet du monde; je crus même m'apercevoir que l'on entendoit infiniment mieux la voix des acteurs. L'illusion théâtrale est actuellement entière; on ne voit plus César prêt à dépoudrer un fat assis sur le premier rang du théâtre et Mithridate expirer au milieu de tous gens de notre connoissance; l'ombre de Ninus heurter et coudoyer un fermier général et Camille tomber morte dans la coulisse sur Marivaux et sur Sainte-Foix, qui s'avancent ou se reculent pour se prêter à l'assassinat de cette Romaine par la main d'Horace, son frère, qui fait rejaillir son sang sur ces deux auteurs comiques (Collé 1868: 172).

Esta disposición física do escenario favorecía a frontalidade e o inmovilismo dos actores que, por outra parte, debían facer gran esforzo na súa emisión vocal para seren escoitados polos espectadores. Unha vez que o espacio escénico é liberado cobra unha nova dimensión. A perspectiva dos escenarios vai permitir o desenvolvemento da arte escenográfica e da propia iluminación, acoutando cada vez máis o mundo escénico ata convertelo nunha entidade autónoma. Con esta maior liberdade espacial o actor pode traballar entón o movemento; o seu corpo, de súbito, adquire un valor de que antes carecía e isto favorece unha relevancia que a arte de interpretar irá adquirindo ao longo do século. Esta maior liberdade permítelle ao actor investigar, á súa vez, o espacio, o que suporá un avance importante na consolidación dunha idea básica: a acción teatral.

2.2. A ILUMINACIÓN

Unha ordenanza de 1609 estipulaba que as funcións teatrais debían comezar ás 14,00 horas, de tal xeito que a luz do día posibilitase aos espectadores contemplar a función na súa totalidade (Holsboer 1977: 155). Na práctica, o horario de inicio foise atra-

sando ata que no fin do reinado de Luís XIII xa o espectáculo remataba á noite, co conseguente problema para iluminar a función.

As solucións que as compañías de teatro lle deron a este problema distaban moito de favoreceren calquera tipo de ilusionismo e, ao contrario, ben impedían ao espectador ver o que acontecía en escena, ben deformaban o rostro dos actores.

As dimensións destas salas, alongadas de máis, obstaculizaban a visión do espectador, e a situación económica da compañía que actuaba aminoraba ou non esta dificultade. Porque a compañía que alugaba a sala debía correr cos gastos da iluminación e se non recadaba bos ingresos en taquilla non podía investir, por exemplo, en cirios, o que obrigaba os actores a empregaren o aceite para iluminar, “plus ruineuse encore que la chandelle” (Holsboer 1976: 155). As candelas foron tamén outro recurso, pero non favorecían a correcta visibilidade nin a verosimilitude: “[...] les flammes vacillantes, les fumées des chandelles gâtent le plaisir, car elles compromettent l’illusion” (Peyronnet 1974: 68). O mesmo Peyronnet detalla a situación dun xeito moi gráfico:

Pour augmenter l’intensité de l’éclairage, on invente dès le XVIIe siècle la rampe, formée d’abord d’une rangée de chandelles le long de l’avant-scène, puis de godets pleins d’huile et munis d’une mèche. Mais lorsque les acteurs s’avancent pour être mieux vus ou jusqu’au premier plan du plateau ou sur le proscenium, la lumière les frappe de bas en haut de manière anti-naturelle et peu agréable, voire cruelle lorsqu’elle creuse les rides ou accuse les méplats (Peyronnet 1974: 69).

Esta penosa iluminación provoca, por outra parte, un acentuamento da maquillaxe, que debía facilitar a visión do rostro do actor. Neste sentido, a maquillaxe non responde a cuestións estéticas, nin procura a personalización dos personaxes (Peyronnet 1974: 71), ao contrario, esaxérase o seu uso por cuestións de visibilidade e polos hábitos establecidos con anterioridade:

Au théâtre, pendant longtemps on se farde [...] en exagérant jusqu'à l'excès (Peyronnet 1974: 71).

Verbo desta precariedade na iluminación, Perrault describe con precisión en 1692:

Toute la lumière consistait d'abord en quelques chandelles dans des plaques de fer blanc attachées aux tapisseries; mais comme elles n'éclairaient les acteurs que par derrière et un peu par les côtés, ce qui les rendait presque tous noirs, on s'avisa de faire des chandeliers avec deux lattes mises en croix, portant chacune quatre chandelles pour mettre au-devant du Théâtre, ces chandeliers suspendus grossièrement avec des cordes et des poulies apparentes, se haussaient et se baissaient, sans artifice et par main d'homme, pour les allumer et les moucher (Holsboer 1976: 157).

Ademais, as arañas que pendían do alto do escenario, se por unha banda iluminaban máis os costados do mesmo e non o actor, pola outra amolaban a vista dos espectadores, deslumbrados polo brillo dos cirios ou das candelas (ver il. 5). Peyronnet presupón a súa desaparición no ano 1759, ao mesmo tempo que as bancadas do escenario (1974: 67).

2.3. O VESTIARIO

Pour qui se rappelle les humbles débuts du théâtre, la précarité des ressources, la modestie d'origine de la plupart des comédiens et le caractère plus populaire que bourgeois des spectateurs, il ne sera pas difficile de comprendre que les premiers costumes que l'on vit apparaître tant à l'Hôtel de Bourgogne que sur les autres scènes de Paris ou de province, aient été d'abord d'une somptuosité qui nous paraîtrait aujourd'hui de la pauvreté (Holsboer 1976: 199).

Destá situación inicial, os actores franceses pasan a vestir suntuosos traxes nas súas representacións que, por outra parte, non se corresponden coa coherencia que deben manter coa clase social do

personaxe que interpretan ou co propio contexto histórico da obra. A través do vestiario o actor dá a coñecer publicamente o seu estatus, así como as relacións sociais que mantén, xa que en moitos casos, estes custosos traxes eran doados pola nobreza. Holsboer afirma que:

Le duc de Guise (en 1644 probablement) avait réparti ses riches habits entre les comédiens de trois troupes parisiennes [...]

Ce qui n'était qu'exception en 1644 serait devenu la règle trente ans plus tard (Holsboer 1976: 202-203).

Con todo, unha vez que os propios actores conseguen altos ingresos por taquilla e rendas outorgadas, eles mesmos se ocupan de encargaren vestiarios cada vez máis suntuosos. Ao serviren estes como a confirmación pública do estatus, a utilidade estritamente escénica fica a un lado, de tal xeito que é doado atopar en escena “des soubrettes avec des diamants, des pompons, des grosses boucles et des physionomies énormes” (Peyronnet 1974: 73).

As demandas de *Le Kain* na segunda metade do XVIII son fundamentais na evolución do deseño de vestiario, xa que con el se inicia un achegamento ao realismo no vestiario e do atrezzo. Na procura do ilusionismo, *Le Kain* era partidario dun rigor histórico no vestiario. Para isto procura documentarse co fin de observar no vestiario a verdadeira “couleur locale” (Olivier 1907: 158). Acode aos deseños e estampas do Gabinete Real, consulta a colección recompilada por Anne-Claude-Philippé de Tubières, conde de Caylus no decurso das súas viaxes por Grecia, Italia e o Oriente e consulta tamén á biblioteca de Jean-Baptiste La Curne de Sainte-Palaye, destacado medievalista.

Sen embargo, esta investigación non se traduce nun resultado ilusionista, como cabía agardar. No propio *Le Kain* dáse a situación contraditoria de pretender o rigor na procura do verosímil pero a través de vestiarios altamente elaborados. O deseño de vestiario ha

ser un dos últimos ámbitos onde o ilusionismo fará a súa entrada.

Madame du Barry (Olivier 1907: 160) describe nunha carta o contido de dous traxes encargados por Le Kain, que informa do detallismo no vestiario e a súa suntuosidade:

QUARTIER
DE JUILLET
1773.

Fourny pour Madame
la Comtesse du Barry
par Le Normand, Prosper Le Duc et Cie, de Paris.

POUR PRÉSENTS:

Habillement de M. Le Kain composé de deux habits, l'un à la grecque, en satin ponceau, brodé en paillettes et paillons d'or, orné de franges et cordon d'or à jasmin, avec le manteau de velours tigré, la coëffure à turban et la ceinture garnie d'agrafes en pierreries; l'autre à la romaine avec une écharpe en satin blanc ornée de franges à jasmin d'or, le manteau, le casque, la cuirasse richement brodée ainsi que les brodequins.

SÇAVOIR:

8 aunes	$\frac{3}{4}$	velours tigré à 36 l.	315 l.	
7	"	taffetas d'Italie blanc à 8 l.	56	
1	"	double florence cerise	6	
10	"	$\frac{1}{2}$ satin ponceau fin et fort à 14 l.	147	
2	"	satin blanc à 9 l.	18	
2	"	taffetas d'Italie chair à 8 l.	16	
6	"	taffetas d'Italie blanc à 8 l.	48	
1	"	taffetas d'Angleterre brun	7.	10
4	2	$\frac{1}{2}$ moëre d'acier en argent fin à 36 l.	162	
3	"	$\frac{1}{2}$ futaine blanche à 3 l.	10.	10
5	"	toille de Lyon blanche à 1.14	8.	10
3	"	canevas fin à 1.15	5.	5
2	"	toille de réforme à 1.14	3.	8
87 onces, 1 gros $\frac{1}{2}$ en 6 aunes de franges d'or de Paris, haute de 2 pouces $\frac{3}{4}$ et $\frac{3}{8}$, haute de 4 pouces $\frac{1}{2}$ garnie de jasmin, de bouillonade et de clinquant à 12.10 1.089. 16.9				
2 cordons d'or garnis chacun de 2 glands en cartisane, 2 aunes de cordon, le tout en or de Paris, pesant 13 onces 1 gros..... 164. 1.3				
Pour avoir brodé l'habit à la romaine, brodé la cuirasse et toutes les parties dudit habillement, rebrodé en paillons et paillettes d'or pour la somme de 2.200 l., réduit (sic) à celle de 2.000				
6 agrafes, composées de deux rosettes de pierreries avec deux pandeloques,				

156 l.; 2 grandes agraphes avec rosettes de pierreries, 30 l.	186.
Un casque surdoré composé d'un lion portant une crête à canelure, orné de feuilles d'acanthé, avec la calotte en couleur d'acier.....	96.
Un bouquet de plumes à la grecque, composé de 7 plumes blanches fines avec aigrette de héron; un panache de casque à la romaine composé de 14 belles branches fines avec aigrette de héron	230.
Pour la chaussure et brodequins: 5 onces, 2 gros $\frac{1}{2}$ en cinq aunes de galon d'or double système(sic) à 8 l. 10; $\frac{3}{8}$ tissu d'or riche à 72; une paire de souliers à la grecque à 6	78. 3.
Pour les fournitures et la façon du Sr. De Laître, tailleur,	
Pour le dit habillement.....	161.

4.808l. 4 s.

A verosimilitude no vestiario ha recibir o impulso definitivo de Joseph Talma cando na estrea de *Charles IX* de Chénier en 1789 sae a escena cunha sinxela túnica e os brazos espidos, lonxe de toda ornamentación e procurando unha maior coherencia entre o personaxe interpretado e a súa vestimenta.

2.4. A FRAGMENTACIÓN ESCÉNICA

Nesta sorte de caos escénico, onde os elementos non están conformados a partir dunha unidade estética, sexa ou non ilusionista, cada actor propón os seus recursos interpretativos como única vía de execución. Ao non existir unha unidade signica sobre escena, a interpretación actoral non é concibida como parte dun todo e, xa que logo, o actor convértese nunha peza máis desta amálgama de elementos. O ámbito do escenográfico padece esta incongruencia, e é unha parte máis suxeita á descoordenación xeral:

en el dominio de la ficción trágica percibíase lo paradójico que era ver que un mínimo decorado fuera usado para la Roma bárbara de los Tarquinos, en Horacio, para la Roma triunfal de los Césares, en Británico, para la morada de Teseo en los días heroicos de Grecia, en Fedra, y para el palacio de Orosman ante Jerusalén, en Zaira (Blanchard 1960: 86).

A interpretación tende a esaxerar o movemento corporal en detrimento de que poida dotar de organicidade o traballo actoral. A xestualidade é excesiva:

Plusieurs descriptions montrent Mme Vestris, Mlle Raucourt, Mlle Saint-Val aînée, puis Mlle Duchesnois elle-même, se livrant à une illustration pantomimique des mots et non plus des sentiments (Rougemont 1988: 121).

Tampouco fica espacio de máis para traballar en escena, nin o actor mantén unha relación co escenario desde a acción teatral, senón que, fóra de toda lóxica e da verosimilitude que os novos tratadistas procuran, desatende por completo a súa relación cos seus compañeiros de táboas. O actor nin se dirixe nin atende o seu compañeiro de escena. Procura situarse ben no proscenio e dirixirse directamente ao espectador, o cal, unha vez máis, produce a contradición entre dous mundos supostamente diferenciados: o real (empírico) e o fiticio (teatral). Ademais, esta actitude incide naquela frontalidade que as características físicas das salas xa propiciaban condicionando o xogo do actor. Rougemont afirma que:

Au début du siècle [XVIII], les Comédiens-Français, et surtout les tragédiens, ignorent cette forme de jeu qui n'entre pas dans les grandes conventions; ils jouent pour le public plus que pour le partenaire, qu'en général ils ne regardent pas, exécutant leurs solos ou tout au plus des duos, entre lesquels ils sortent du personnage (Rougemont 1988: 120).

Esta atención á palabra e, mesmo, a vaidade do actor e a rivalidade dentro do propio reparto, vai en detrimento da coordinación e da autonomía do propio feito escénico: “de nombreuses anecdotes montrent l'absence de coordination, due en partie au petit nombre de répétitions, en partie à la rivalité entre les acteurs” (Rougemont 1988: 116). E así, a consideración do verosímil como posibilidade

escénica fica lonxe de concretarse con hábitos semellantes. Peyronnet incide no asunto:

Certains acteurs pensaient avoir résolu une fois pour toutes le grave problème de leur place en se rangeant à la file, sur une ligne, comme un bas-relief, au-devant du théâtre, débitant leur dialogue, chacun leur tour (Peyronnet 1974: 74).

En definitiva, a desorde dos elementos que poden ser considerados como signos na escena do teatro clasicista non posibilita o achegamento ao obxectivo ilusionista que os modernos perseguen. Consecuencia, entre outras, da procura dunha ordenación estética destes elementos ha ser a emerxencia da figura do director de escena, inexistente ata entón e que atopa en Jacob Engel a súa definición contemporánea a finais do XVIII¹⁶.

Tendo en conta todos estes precedentes, non é difícil atopar *A arte do teatro* de François Riccoboni como un paradigma da nova teórica que senta as bases da renovación teatral francesa e europea, aínda que conveña ter presente a distancia que existe entre estas propostas e á xeneralidade da praxe teatral. Como di Martine de Rougemont, esta anovadora proposta teórica do XVIII “sera peu à peu réalisée par les acteurs du XIXe siècle romantique et naturaliste” (Rougemont 1988: 112), pero sen a análise destes presupostos teóricos non ha ser posíbel coñecer, na súa verdadeira dimensión, “le point de départ de presque tous les “systèmes” et de toutes les “méthodes” de l’acteur en Occident” (Rougemont 1988: 87).

¹⁶ Engel define esta nova figura con gran precisión: “A mon avis, l’occupation essentielle de chaque directeur de spectacle devrait être, de diriger l’acteur dans l’étude de son rôle, de lui en développer les détails, sans jamais perdre de vue l’idée de l’ensemble; de lui indiquer la véritable place qu’il doit occuper dans chaque groupe, et de le retenir toutes les fois que son défaut de jugement pourroit l’égarer dans de fausses routes” (1979: vol II, 164-165).

3. A ARTE DO TEATRO E O SEU CONTEXTO TEÓRICO

Fronte á situación da práctica teatral clasicista, cun código que aos ollos do novo pensamento resulta afectado e distanciada de todo efecto ilusionista, os novos teatristas indagaron nos procesos que poden levar o actor a ese punto de verosimilitude¹⁷ escénica. A referencia substancial é a realidade empírica, a través do novo valor adquirido por unha natureza referida ao cotián e ao común. O que antes non era considerado como materia poética ou artística, o pensamento renovador do XVIII o conceptúa como unha referencia básica na apreensión desa realidade. Existe, pois, unha común necesidade de renovación teatral partindo desde o mundo empírico como referente e modelo e, en consecuencia, a observación constitúese como un método principal de traballo:

El método que Riccoboni propone finalmente para la constitución de un código cinésico nuevo en el teatro está relacionado evidentemente con el paradigma científico de su época: hay que observar la naturaleza visible para clasificar una estructura existente (Fischer-Lichte 1999: 420).

Con todo, no xeito de establecer esa relación coa realidade e reinterpretarlá escenicamente, non existiu no XVIII un traxecto único, senón que os matices que percorreron as reflexións destes actores/autores foron moi variados e, en ocasións, a súa plasmación na escrita resultou un tanto escura. Isto, unido á profusión de textos que reflexionan sobre a nova arte de interpretar, entre os cales

¹⁷ O verosímil para os tratadistas franceses do XVIII refírese, como se pode apreciar nos seus textos, ao efecto ilusionista, non á coherencia interna dun proceso de construción, como é o caso da mímese aristotélica ou, como exemplo dunha perspectiva xa contemporánea, o verosímil enunciado por S. Witkiewicz: [...] *o que eu procuro, é crear sobre o escenario un estado tal das cousas que sería posible para un home, ou para calquera outra criatura, suicidarse porque verqueu e rachou un vaso de auga. E sería a mesma criatura que cinco minutos antes danzaba de alegría pola morte da súa queridísima nai. Anhele a situación que permita a unha cativa de cinco anos dar unha conferencia sobre as curvas de Gauss ante un público de monstros simiescos que tocarían senllos gongs ó tempo que teiman en rosmar unha palabra sen sentido: Kalafar*” (Salgueiro 1996: 163).

non todos os seus autores coñecen a práctica escénica, derivou nun movemento un tanto confuso, e a crítica, aínda hoxe, non ten acordo en como interpretalo.

Martine de Rougemont presenta a situación desde un punto de vista máis acorde co defendido por algúns críticos do XVIII, como Diderot, e propón dúas correntes claramente definidas nesta renovación:

Deux perspectives sur le travail de l'acteur se dégagent assez tôt, que symbolise l'opposition entre Louis Riccoboni et son fils François. Louis Riccoboni [...] insiste sur le fait que l'acteur n'est pas un menteur, ainsi que le disaient platoniciens et théologiens. La sincérité de l'acteur en scène est érigée en règle technique; il s'agit de s'absorber dans le personnage que l'on joue, de ne plus le jouer mais de l'être, de se donner au rôle —thèse qui sera reprise par Rémond de Sainte-Albine. François Riccoboni, en 1750, déclare son opposition aux thèses de son père: l'heure est venue de réhabiliter le "métier". L'acteur selon Riccoboni le fils applique des règles à l'exécution d'une oeuvre: son sang-froid répond de sa perfection et de sa régularité (Rougemont 1988: 88).

Esta polarización, que Rougemont sitúa como correntes enfrontadas, xa fica establecida no XVIII entre os partidarios de apprehender a realidade desde o coñecemento e uso do sentimento e os que defenden unha postura máis cerebral sustentada no control do actor, dando por feito que os primeiros defenden unha interpretación caótica dominada pola paixón, polo corazón e non polo raciocinio. *O Paradoxo* de Diderot recolle con clareza esta distinción:

Ser sensíbel é unha cousa, sentir outra. A primeira é asunto da alma, a outra do xuízo. Podemos sentir fondamente, mais non sabermos representar o que sentimos; podemos facer unha boa interpretación en soledade, nunha reunión, a carón da lareira ou perante un grupo reducido de íntimos, mais non facemos nada que pague a pena no teatro. Neste, co que chamamos sensibilidade, alma, sentimentos, represéntanse ben

un ou dous parlamentos e estrágase o resto. Apreixar un grande papel en toda a súa extensión, dosificar os momentos luminosos e sombríos, apracíbeis e mainos, mostrarse igual nos momentos calmos e nos momentos axitados, ser diverso nos detalles, harmonioso e homoxéneo, elaborar un sistema firme de declamación capaz mesmo de mitigar as saídas de ton do poeta, todo iso é froito dunha cabeza fría, dun fondo discernimento, dun gosto refinado, dun arduo estudio, dunha vasta experiencia e dunha memoria tenaz, pouco común (Diderot 1998: 157-159).

Polas referencias que a historia do teatro nos legou, coñecemos que non era difícil atopar en escena actores que se deixaban dominar por un sentimento arrebatado, e que a distinción actor/personaxe non era, na maior parte dos casos, pertinente. Abundan os exemplos de actores que na procura desa interpretación ilusionista son desbordados polo sentimento e, ao final, son eles mesmos quen están no escenario, e non os personaxes que, supostamente, deben interpretar. A distancia entre a interpretación e o verosímil escénico resulta insalvável para a maior parte dos comediantes do século XVIII. Por esta razón cómpre revisar especificamente a proposta teórica, atendendo con moita cautela a praxe actoral, habida conta de que é difícil coñecer con exactitude a súa execución escénica. Desta polarización que se asenta no XVIII, Diderot opta por unha escolla, censurando a outra por falsaria:

Os actores impresionan o público, non por estaren furiosos, mais por representaren ben o furor (Diderot 1998: 175).

No século XIX, Edmond de Goncourt explica esta diferenza cando escribe a biografía de Mlle Clairon confrontándoa a outra das grandes actrices da escena francesa, Mlle Dumesnil:

En el siglo XVIII dos atrices [sic] trágicas, de naturalezas diversas y opuestas, se disputaban el cetro dramático sobre la escena de la Comedia Francesa y de los demás teatros de la corte.

La una, una actriz de estudio y de arte; la otra, una actriz de temperamento.

La una, saliendo á las tablas á lucir los efectos de sus ademanes y de su declamación, estudiados de antemano; la otra, asomando al proscenio sin saber las tres cuartas partes de las veces cómo iba á salir, y fiándose solamente á la inspiración: una inspiración caldeada, en ocasiones, por unos tragos de vino.

La una, desarrollando una acción continuamente perfecta; la otra, en gran número de pasajes no valiendo la pena, para en el resto de ellos mostrarse sublime.

La una, poseyendo todas las habilidades de la comedianta consumada; la otra, encerrando en sí, como se decía entonces, la máquina de Corneille.

La una, mostrando lo bello, lo noble, lo majestuoso; la otra, lo grande, lo furioso, lo temerario.

La una, la primera actriz trágica que se haya aventurado á reir en una tragedia¹⁸, y la actriz trágica que trataba de dotar al teatro dramático de una realidad relativa; la otra, manteniéndose, obstinadamente, en el empyreo de la antigua y grandiosa tragedia, la trágica de las llamaradas de inspiración.

La una, con un talento más moderno, más nuevo, más preciente del porvenir; la otra acaso con más genio.

La una, es la Clairon; la otra, es la Dumesnil (Goncourt s. d.: 3-4).

Tradicionalmente estableceuse esta diferencia, entre sentimentalistas e racionalistas¹⁹, a partir das obras de Pierre Rémond de Sainte Albine, *Le comédien* (1749), e de François Riccoboni, *A arte do teatro* (1750). Diderot volve ser incisivo no seu *Paradoxe* cando fala do asunto:

Polo demais, a cuestión en que estou a profundar foi outrora suscitada por un mediocre literato, Rémond de Saint-Albine e mais por un grande actor, Riccoboni. O literato avogaba a prol da sensibilidade, o actor defendía a miña causa (Diderot 1998: 143).

¹⁸ Ver Prince de Ligne (1774). *Cartes à Eugénie sur les Spectacles* (Bruxelas e París: Valade).

¹⁹ Vicentini fala de emocionalistas e antiemocionalistas. Sitúa entre os primeiros a Louis Riccoboni e a Sainte Albine, mentres que François Riccoboni e Lessing, segundo o seu criterio, reaxen contra aqueles primeiros e decántanse por un antiemocionalismo sen ambigüidades (Vicentini 2000: 11-22).

Sen embargo, para Peyronnet a diferenca non é tan clara, e prefíre falar antes de matices no marco dunha inqedanza estética común:

Les acteurs-auteurs du XVIIIe siècle qui ont traité de théorie ont davantage cerné les questions pratiques, comme on peut le supposer. Les théories de Lelio Riccoboni²⁰ par exemple, énoncées dès 1727 [...] nuancées dans *L'art du théâtre* de son fils François en 1750, accordent une place prépondérante au naturel [...] au regard et à l'attitude des acteurs en scène, a fin de jouer de manière vraisemblable (Peyronnet 1974: 51).

E se para P. Alatri “*Le Comédien* di Pierre Rémond de Sainte Albine, [era] un trattato organico sulla recitazione apparso nel 1747 e studiato in tutte Europa, e una confutazione delle tesi sostenute nell’*Art du Théâtre* di François Riccoboni” (Tessari 1995: 150), para Fischer-Lichte “aunque Riccoboni contradice la tesis de St Albine en referencia al método con el que se deben crear los signos cinésicos en el escenario, coincide con él en que el código cinésico del teatro debe ser idéntico al de la naturaleza” (1999: 419), pois en última instancia, Riccoboni e Sainte Albine aceptan a posibilidade de expresar natural e perfectamente as paixóns (Fischer-Lichte 1999: 416).

O certo é que o estilo literario de ambos os tratados é moi diferente. O texto de François Riccoboni é unha breve descrición de método, cunha estrutura sintáctica moi sinxela e cun emprego de termos moi precisos na súa significación, malia a “quelques chutes dans la généralité” (Rougemont 1988: 90). Pola contra, o texto de Sainte Albine é moito máis extenso, prolixo en detalles, cunha pretendida elaboración estilística e, nalgúns casos, cunha certa opacidade no discurso. Na falla de cautela poden ser obviadas na lectura de ambas as obras cuestións básicas que non ofrecen lugar a dobres

²⁰ Refírese a Louis Riccoboni.

interpretacións. Tampouco pode ser ignorada a rivalidade entre ambos os autores, manifesta ao pouco tempo da impresión da *Arte do teatro*, e que recollen os textos do Apéndice, rivalidade que semella sustentada máis en cuestións de carácter persoal que de carácter intelectual. De aí que o propio enfrontamento entre ambos os autores puidese afianzar unha diverxencia en exceso acentuada por certa parte da crítica.

Ambas as dúas tendencias teoréticas coinciden en que o modelo referencial é a realidade, e que o medio de traballo, nunha primeira fase de elaboración do personaxe, é a observación detallada deste mundo empírico. Estas tendencias coinciden en que se deben atender non só os ámbitos sociais de maior rango, senón todos os ámbitos, prestando atención, por vez primeira, ao referido ao popular, ao cotián, ao común. Coinciden na necesidade dun coñecemento profundo da realidade a re-presentar e na necesidade dunha concepción ilusionista do conxunto teatral, da posta en escena, consideración a partir da cal xermola a idea da *ensemble* escénica. Comparten a procura dun actor non afectado, nin na expresión corporal nin na elocución, así como o estudo do personaxe inserido no seu mundo escénico, isto é, en relación cos demais personaxes, para un maior ilusionismo. Teñen en común a visión escenocéntrica (Barrientos 1991) da posta en escena e, xa que logo, destacan todos os valores escénicos non textuais que apoian ese ilusionismo teatral. Demandan ambos os dous unha re-creación teatral completa: o ilusionismo non só é asunto da interpretación actoral, senón da propia escenografía, do vestiario ou da iluminación.

O punto máis conflitivo sobre o cal xira a pretendida diferenza entre as teses de François Riccoboni e de Sainte Albine reférese á memoria emocional do actor e en como intervén esta na construción do personaxe. As coincidencias son numerosas e o seu contido nada desprezible para unha concepción escénica. ¿É tanta a distancia entre ambas as tendencias no ámbito do sentimento humano?

Se os partidarios da chamada *interprétation froide* censuran a Sainte Albine a súa aposta por unha interpretación abandonada ao sentimento e, en consecuencia, sen control actoral, ¿como é posíbel tal abandono ao sentimento por parte dun actor a que Sainte Albine lle demanda no seu traballo *de finesse et de précision* (1971: 25)? ¿Como poder atopar unha xustificación ao abandono sentimental nunha declaración de principios tan clara como a de [...] *sur les Arts, qui puisent leurs principes dans la nature et dans la raison, tout homme sensible et raisonnable a droit de hazarder ses conjectures* (Sainte Albine 1971: 80)? ¿Como abandonarse ao sentimento cando se reclama un proceso de observación e estudo da realidade? ¿Ou cando os límites da interpretación actoral se sitúan entre a Sensibilidade e o Xuízo? Sainte Albine non deixa lugar a dúbidas neste sentido: *D'autres [acteurs] plus sensibles que judicieux ne savent point modérer à propos les mouvemens qu'excite en eux la principale situation de leur personnage* (1971: 173-174). Isto acaba por provocar a interpretación falsa, o quebramento de todo efecto ilusionista.

Se a demanda xeral dos modernos é unha escena ilusionista, cómpre, en efecto, a observación e o estudo da realidade referencial. Se na construción do personaxe todos reclaman unha coherencia escénica, coherencia na idade, clase social, vestimenta, coherencia tamén entre o discurso dramático e o discurso teatral, haberá que estudar a emoción do personaxe. E, evidentemente, o material de traballo primixenio ha ser a propia memoria afectiva do actor; poderán estudiarse determinados hábitos, costumes, actitudes, etc., pero cando se trate de interpretar a tristura dun personaxe, o mellor referente do actor ha ser a súa propia tristura, e o actor deberá recorrer sempre a esta memoria emotiva, emoción que, despois, ha ser controlada no exercicio da interpretación. Non imos negar aquí que proliferasen os actores e actrices que se abandonaban ao seu sentimento, destruindo á fin o efecto ilusionista, pois tan só se interpretaban a eles mesmos. Pero en ningunha páxina de *Le comédien* se defende esta postura.

Por outra parte, hai unha contribución fundamental na obra de Rémond de Sainte Albine que máis tarde re-elaborará e superará o naturalismo de Constantin Stanislavsky: o concepto da *circunstancia dada*. Cando Sainte Albine establece a necesidade de controlar a emoción a través da coherencia escénica afirma con gran intuición:

Il ne suffit pas qu'il soit capable de se passionner. On veut qu'il ne se passionne qu'à propos, et dans le degré qu'exigent les circonstances (Sainte Albine 1971: 21).

Esas *circunstancias* que determinan o carácter do personaxe imprimen a coherencia e verosimilitude do feito escénico. Evidentemente, podemos extrapolar esta idea de condición dada e aplicala a un contexto estético non ilusionista, podémonos remitir ao construtivismo de comezos do XX ou á retórica de Quintiliano²¹, por exemplo, pero no XVIII a condición dada é o que axuda a construír a verdade do personaxe. En efecto, a arte da interpretación non consiste en apaixonarse, senón en como e por que apaixonarse, de tal xeito que Pierre Rémond está adiantando, tamén, a idea de xustificación escénica –en xeral– e de xustificación orgánica do actor. Séculos máis tarde, Stanislavsky analiza e perfecciona este mecanismo de traballo proposto xa en 1749 e sobre o que os estetas modernos debaten compartindo como obxectivo a procura do ilusionismo escénico.

Toda acción debe estar xustificada; François Riccoboni, como Lessing ou J. Engel, demanda ao actor que saiba *por que* entra en escena e *por que* sae, para saber *como* entrar e *como* saír. Por iso cómpre a observación e o estudo da realidade; por esta razón François Riccoboni se remite á intelixencia como instrumento de traballo analítico. Cando C. Stanislavsky en *El trabajo del actor sobre si mismo*, ao eloxiar unha boa interpretación realista afirma: “–¡Eso es lo que llamamos una acción justificada en todo sentido, a la que el

²¹ Ver as reflexións sobre o tema en Quintiliano (2000: Lib. XI).

artista puede otorgar una fe orgánica!” (1986b:190), non podemos obviar os precedentes non casuais dos modernos do XVIII, dos “prestanislvskianos”, como semella definilos Jorge Eines, aínda que na súa consideración como tales se remita a unha abstracción tan xenérica como a de “algunos hacían, sin saberlo, algo de lo que Stanislavsky anunciaría años más tarde” (1992: 6), afirmación que non valora na súa medida as contribucións de Sainte Albine, François Riccoboni, Lessing, Jacob Engel..., sobre todo se temos en conta que os únicos nomes propios que Eines cita ao respecto son moi posteriores: Dalcroze (1865-1950), Copeau (1879-1949), Dullin (1885-1949).

Citar as propostas stanislavskianas pode axudar a situar no espacio do naturalismo as propostas dos teatristas do XVIII francés. Fischer-Lichte non ignora esta relación cando reflexiona sobre a proposta renovadora do traballo do actor a partir do texto de François Riccoboni: “El actor –de forma muy similar al naturalista– tiene que observar” (1999: 417), o mesmo que fai C. Vicentini, que remite ao pensamento teatral moderno do XVIII os recursos básicos do naturalismo (Vicentini 2000: 32-35). Se a crítica realizada por estes autores vai dirixida contra a afectación do actor clasicista, que se afasta de toda verosimilitude, de igual maneira Stanislavsky un século máis tarde vai ser contundente contra unha situación similar: o actor que enche o escenario de afectación e histrionismo:

[...] permanentemente ‘se representan’ a sí mismos ‘sintiendo’ como es propio de los histéricos. Y cuanto menores sean en ellos las fuerzas interiores, tanto más tensa, más exagerada será la manifestación externa de estos sentimientos, imitados artificialmente. Cuanto menor sea el contenido directo en el alma del artista de una u otra categoría tanto más se esforzará este por comunicar vivacidad, ‘expresividad’, a la forma de su obra y, ante ésto, por lo común se pierde el sentido de la medida, se echa mano de los efectos que lastiman el oído o hieren los ojos como toda falsedad artística [...] En efecto, puede que lo más correcto sea denominar a la conmoción o alteración actoral simplemente histeria escénica (Stanislavsky 1986a: 191).

E se Jean-Jacques Olivier critica o traballo do actor que atei-ga a escena francesa nos séculos XVII e XVIII nos seguintes termos, e contra os cales Riccoboni, Le Kain e tantos outros loitaban:

[...] ils se campaient la jambe en avant, les coudes au corps ou le poing sur la hanche, comme pour danser un menuet. Ils marchaient d'un pas relevé, tel un cheval de manège. Nul abandon, nulle spontanéité dans leur jeu. Leurs mouvements compassés semblaient mesurés au quart-de-cercle (Olivier 1913: 154-155).

Stanislavsky ha dirixir a súa crítica na mesma dirección cando observa o comportamento físico dos actores afectado polo hábito e a presunción.

4. FRANÇOIS RICCOBONI. *A ARTE DO TEATRO*. PARÍS. 1750

Toda a arte do teatro redúcese a un moi pequeno número de principios. Cómpre sempre imitar a natureza. A afectación é o máis grande de todos os defectos, aínda que sexa o máis común. Só o gusto pode conternos nos estreitos límites da verdade.

Estas últimas reflexións da *Arte do Teatro* sintetizan a maior preocupación do autor, que, malia falar dun pequeno número de principios teatrais, semellan estes ficaren reducidos a un, pois neste conver-xen os citados: o obxectivo teatral de reproducir en escena un mundo tan *natural* como a propia realidade. A afectación, tan espallada nos usos da interpretación clasicista, afastaba o actor deses estreitos lími-tes que definen a verdade, a verdade escénica pretendida por François Riccoboni. Pero, ¿como conter o feito escénico e, máis concretamente, a interpretación actoral neses límites arelados da *vérité*? A resposta é este pequeno libelo que, editado en 1750, semella ser composto varios anos antes, segundo nos dá noticia o propio autor no limiar. Para Rougemont “il offre le premier vrai manuel qui donne des recettes applicables” (1988: 90), que ademais ha obter moito eco nos cír-

culos teatrais non só franceses mais tamén europeos, como o testemuñan as traducións ao alemán e ao italiano xa citadas. A súa traxectoria como actor e prestixio non deberon ser alleos a este recibimento: “François Riccoboni, de par sa place importante dans la troupe des Italiens, trouve sans doute plus d’audience pour son Art du Théâtre” (Peyronnet 1974: 119). Se moitos dos autores xa nomeados con anterioridade nesta introdución achegaron reflexións que enriqueceron a renovación do teatro francés e europeo, sen dúbida este breve texto é crucial no desenvolvemento posterior da teoría teatral. Desde logo, a súa influencia en Lessing é evidente²², como o foi no pensamento de Jean-Baptiste Nougaret ou nas *Ideen* de Jacob Engel.

François Riccoboni é un home da praxe. Lonxe da abstracción e da elaboración intelectual, pretende establecer unha verdadeira metodoloxía práctica da arte interpretativa. Preocúpao a utilidade e que os preceptos que desenvolve sexan, principalmente, prácticos para o comediante. Poucos dos tratados escritos sobre o tema foron tan precisos na praxe como a *Arte do Teatro*. Rougemont afirma que “Je ne trouve à lui comparer, dans le domaine français, que les *Lettres à Eugéni*²³ du Prince de Ligne” (1988: 90). Con François Riccoboni o teatral cobra plena autonomía. A diferenza de seu pai e doutros autores, non atende o debate verbo da moralidade ou da intención instrutiva do teatro²⁴; esquece a polémica sobre a virtude

²² Analizar con rigor a *Art du théâtre* de François Riccoboni conleva ter presente toda a teorética do XVIII; cando menos debemos situar no contexto europeo unha obra tan esencial como a que nos ocupa. En efecto, a *Dramaturxia de Hamburgo* de Gotthold Ephraim Lessing está elaborada a partir de dous pernios básicos, *Le Comédien* de Sainte Albine e *A arte do teatro* de Riccoboni. O autor xermano constata esta influencia na súa obra; velaquí unhas palabras que considero moi descritivas sobre o asunto: “Son bastantes las disquisiciones generales sobre el tema y en diversas lenguas; pero reglas especiales, reconocidas por todo el mundo, formuladas con claridad y precisión y de acuerdo con las cuales se pueda definir en cada caso individual lo que cada actor tiene de censurable o encomiable, podría a penas citar dos o tres” (Lessing 1993: 526). Para abondar na cuestión ver a introdución de Paolo Chiarini á edición española da *Dramaturgia de Hamburgo*, publicada no ano 1993 en Madrid pola Asociación de Directores de Escena. Curiosamente, esta é a primeira edición en castelán da *Dramaturgie*.

²³ Prince de Ligne (1774).

²⁴ Malia a evidente contribución de Louis Riccoboni á renovación teatral –tamén é certo que pouco recoñecida–, pesan nel máis as vellas consideracións. Para Louis Riccoboni, seguindo o pensamento platónico, “[...] le principal but de la Comédie [...] est celui de corriger en critiquant” (Louis Riccoboni 1971: 7). Pero esta instrución do individuo non devén da contemplación ou observación

do teatro antigo, sobre os modelos clásicos ou sobre a temática e estilo do Teatro Moderno.

François Riccoboni é sabedor do baleiro existente en materia de técnica actoral. É consciente de que aquel teatro clasicista, aínda sen unha metodoloxía elaborada, afianzou os seus modos pola tradición, entende que para consolidar esta nova práctica teatral é fundamental elaborar unha poética da arte do actor. Conciso e cun estilo literario sinxelo, expón paso a paso esta nova técnica, sen arredos e coa certeza que lle dan os seus anos de exercicio artístico. Na súa estilística lembra os tratados de retórica, e non é casual, xa que ao longo do texto non é difícil atopar, se non a influencia da *Institutionis Oratoriae* de Quintiliano, si o pouso da súa lectura. Cómpre destacar o acentuado interese do humanismo francés polo retórico latino e a súa obra; no século XV saen do prelo preto de vinte edicións ademais de varias reimpresións²⁵. De 1642 é a coñecida tradución ao francés de París²⁶, á que seguen diversas reimpresións. Mais a obra de Quintiliano, recomendada por Erasmo de Rotterdam, foi amplamente coñecida en toda Europa e, estudiada na universidade, converteuse nun tratado referente para o exercicio público da elocución.

A orde que vou seguir é precisamente aquela en que un actor debe facer o estudio da súa arte.

da realidade, a pedagogía non é froito do incorrecto moral, curiosamente, senón da corrección. Por iso no teatro todo debe ser elevado, segundo Louis Riccoboni. De aí que afirme que o obxectivo do teatro “est de corriger et d’instruire” (1971: 30) a partir da exemplificación a través de modelos correctos desde o seu virtuosismo. Fronte a isto critica o novo teatro, os novos Poetas e a súa concepción do Amor, pouco exemplarizante e que mestura os ámbitos do dramático e do teatral: “L’amour [...] que les Modernes ont introduit, ne mérite pas plus de grace; parce que, tel qu’il est, non seulement il ne peut jamais corriger, mais il sera toujours très pernicieux et de mauvais exemple, malgré le verni d’honnêteté dont on veut le couvrir” (1971: 40-41). L. Riccoboni entende que para ese labor instrutivo, o amor de que debe falar o teatro é *de l’amour conjugal, de l’amour paternel, de l’amour filial, de l’amour de la patrie* (1971: 27).

²⁵ Ver Fumaroli (1980): *L’âge de l’éloquence. Rhétorique et “res literaria” de la Renaissance au seuil de l’époque classique* (París: Champion).

²⁶ Quintilien (1642): *Les Declamations de Quintilian traduites en français par L. Nicole...* (París: O. de Varennes).

E o autor, seguindo ese estilo retórico, enumera cada unha das partes que compoñen a técnica actoral. A táboa de sumario é ben descritiva: “o xesto, a voz, a declamación, a intelixencia, a expresión, o sentimento, a tenrura, a forza, o furor, o entusiasmo, a nobreza, a maxestade, a comedia, os amantes, os caracteres, a baixa comedia, as mulleres, o gracioso, a interpretación muda, o conxunto, a interpretación de teatro, o tempo, a fogaxe, a escolla, a práctica, a estancia, a academia, a avogacía, o púlpito, o teatro”. ¿Acaso non pretendía François Riccoboni a exhaustividade? Por vez primeira alguén trataba de sistematizar unha arte que ata o de entón semellaba depender máis da tradición e da intuición, resultando que a propia interpretación actoral non chegaba a ter a importancia do texto dramático. O Actor, á fin, igualaba o Poeta. François Riccoboni esquece o texto dramático²⁷, deixa atrás as vellas liortas academicistas sobre a consideración moral ou estilística dos textos dramáticos e cédelle o protagonismo ao actor.

A Arte do Teatro establece o seu ideario contra as premisas da vella praxe teatral, chea de afectación. Os actores clasicistas non interpretaban un personaxe, e moitos que pretendían un efecto ilusionista ficaban vencidos pola egolatría e pola ignorancia dunha metodoloxía que facilitase unha interpretación nos límites da verdade. Este teatro ficaba tan lonxe da realidade que nin sequera para algúns moralistas, como Louis Riccoboni, tiña utilidade instrutiva. Con esta nova maneira de entender a posta en escena e a interpretación do actor nace a idea da ilusión escénica, e se contra algo se pode situar esta, é o contra toda afectación actoral: “a compostura é

²⁷ Esquéceo de xeito deliberado con espírito transgresor, opta polo teatro como arte autónoma, sen dependencia do texto literario. Se hoxendía este debate segue aberto, no XVIII xa inicia con valentía unha polémica fronte aos que lle critican que, seguindo o título deste tratado, “debería versar sobre a composición de obras dramáticas, ao que François Riccoboni contesta: “Se eu dese nunha obra as regras da composición teatral, teríaa chamado *Poética do Teatro*. Mais tratei a arte de representar sobre o escenario. A arte propia do teatro non pode entenderse como parte doutra arte [...]”, e engade, provocando a contenda dialéctica: “Se algúns autores chamaron *Arte do Teatro* á maneira de compoñer no xénero trágico ou cómico, é unha falta que eles cometeron e que non debe nunca servir de regra”.

a primeira cousa en que é preciso instruírse”, afirma no prefacio o noso autor.

Esta contención do actor, máis que unha aposta por unha interpretación fría, como algúns críticos do XVIII a definiron, debe ser entendida como unha reacción a aquela esaxerada afectación do actor tráxico, que con incríbeis acenos berraba o texto dramático sen a menor coherencia. Riccoboni procura unha interpretación máis verosímil, non fría no senso de non sentida. Aposta por unha naturalidade escénica que non conseguía ter presenza nos escenarios de Francia e, por extensión, europeos. Demanda similar reclamábase na Alemaña ou na Inglaterra. Así, se o actor interpreta unha escena repousada, o seu xesto deberá estar de acordo con tal situación anímica, “Mais cando unha violenta paixón o arrebatada, o actor pode esquecer todas as regras: pode moverse con presteza e alzar os brazos ata por riba da cabeza”, e disto dedúcese que esta idea non defende unha interpretación fría, senón unha interpretación coherente.

Seguindo o discurso da coherencia do xesto como parte do obxectivo ilusionista, François Riccoboni critica a práctica, espallada entre os actores, de mover os brazos, como elemento sógnico afasado de toda verosimilitude. En efecto, a tradición asentara unha coreografía que establecía como os actores debían entrar ou saír de escena, ou expresar os momentos tráxicos cuns movementos que semellaban máis os dun bailarín que os dun actor. François Riccoboni presta atención ao brazo e procura un movemento relaxado e non seccionado:

Cando queremos erguer un brazo cómpre que a parte superior, quere dicir, a que colle do ombreiro ao cóbado, se afaste do corpo a primeira e que leve tras de si as outras dúas [...] sen demasiada precipitación. A man non debe, xa que logo, moverse máis que ao final. Debe estar volta abaixo ata que o antebrazo a leve á altura do cóbado e daquela vírase en alto [...].

Descrición que lembra a Quintiliano cando detalla o movemento do brazo en termos moi semellantes:

Extender el brazo hacia adelante con mesura, mientras los hombros se relajan y los dedos se despliegan al elevarse una mano (Quintiliano 2000: 241).

Neste sentido, na *Arte do Teatro* establécese un primeiro intento de unidade no corpo do actor, ao entender que non só os brazos expresan, senón tamén as demais partes do corpo, e que este debe obedecer a unha harmonía xeral: “Entendo por xesto non soamente o movemento dos brazos mais tamén o de todas as partes do corpo, porque da súa harmonía depende enteiramente a gracia do actor”. Esta harmonía procede da continencia que torna en eixo sobre o que se constitúe esta arte do actor. Fronte a ela está a esaxeración: “Todo o que se aproxima ao exceso devén en afectación, semella desagradábel á vista e causa embarazo”.

François Riccoboni trata de atopar unha coherencia entre o texto dramático e o texto espectacular. Da súa crítica á afectación xestual e á distancia incorrecta entre ambos os textos dá boa conta o seguinte parágrafo:

Están afeitos [os actores] a dobraren a cintura, mantendo o estómago e o peito extremadamente tensos. Como o corpo está desequilibrado nesta postura, se os pés están preto un do outro, arredan o que está detrás e dobran un pouco o xeonllo adiantado, elevan alto un brazo vigoroso, sitúan o outro ao longo da cadeira e interpretan fragmentos enteiros na actitude desta estatua antiga que representa un gladiador no combate. Esta posición forzada púxose moi á moda, e o hábito de vela afíxonos a ela, de tal maneira que non percibimos o ridícula que é.

En definitiva, François Riccoboni loita contra aqueles actores que, crendo obteren unha maior presenza escénica, “camiñan apoiando o pé con tanta forza que todo o seu corpo recibe unha sacudida e vemos como a cada paso lle treme o seu tonelete”. O xogo xestual ten que emerxer da coherencia na interpretación do actor e non

executarse segundo o uso da moda. Desaconsella o estudio xestual diante dun espello, pois “este método é a nai da afectación” e, pola contra, suxire “sentir os movementos e interpretalos sen os ver”. ¿Non é esta facultade de sentir a mesma a que se refire Sainte Albine?

Cando François Riccoboni medita sobre a voz do actor retoma a naturalidade como argumento da súa reflexión. Conseguir “facer saír a voz cun son pleno, agradábel e natural” é o obxectivo de todo actor, e para acadar esta meta cómpre un estudio paciente e minucioso.

Como fai noutras ocasións, François Riccoboni recorre á comparanza co actor tradicional e na crítica dos seus vicios atopa a argumentación da súa proposta. Sabemos que era de uso común elevar a voz para facerse notar diante dos espectadores, con independencia de que a escena requirise de tal esforzo ou non. Seguindo os hábitos asentados pola tradición, era necesario chamar a atención do espectador, como o público das bancadas. Ben para facerse escoitar, ben polo hábito que a práctica da arte de interpretar asentara nos teatros de París. Fronte a isto François Riccoboni recomenda o uso natural da voz do actor, quere dicir, que cada actor “debe servirse da voz que a natureza lle outorgou e nunca procurar substituíla por un son que non sexa o seu propio”.

A declamación e todo o relativo á ortofonía é un dos aspectos sobre que xira o intenso debate entre o antigo e o novo teatro. A antiga declamación contribuía aínda máis a afastar o mundo escénico do referente real, de tal maneira que a concepción teatral do verso como formalización lingüística teatral, isto é, a capacidade ilusionista do verso e como dicilo virou no asunto central do debate²⁸. Ademais, nesta discusión está presente a vella idea de que a cada sen-

²⁸ Contribución fundamental no debate, desde a perspectiva da renovación, foi a de Henri Louis Le Kain –paradigma de actor para D. Diderot–, quen, contrario á moda que desde 1730 marcara o Hôtel de Bourgogne, provocando ese ton *boursofle* dos actores que semellaban martelar o texto uniformando todo, respecta que a elegancia do verso non se coloquialice na súa entoación, pero si que resulte máis verosímil para o público optando pola naturalidade na elocución do actor. Para aprofundar na figura e na importancia do traballo de Le Kain no desenvolvemento do teatro francés, resulta obrigada a consulta de Olivier (1913).

timento lle correspondía un ton determinado, opinión que François Riccoboni, e os outros teatristas modernos, non compartía cos antigos. Da mesma opinión é Sainte Albine, quen afirma

Comme tous les hommes ont chacun une voix différente, ils ont aussi chacun des inflexions qui leur sont propres pour manifester les impressions qu'ils éprouvent (Sainte Albine 1971: 159).

Nesta cuestión Riccoboni foi categórico: xamais, contra o ditado dos vellos hábitos, debía imitarse a voz dun actor, senón servirse da propia: “Aínda é peor cando alguén se esforza en imitar a voz persoal doutro actor”, e pon o exemplo de dúas actrices, Champmêlé e Lecouvreur, con voces moi diferentes e que souberon tirar proveito dos seus matices: da voz deslumbrante a primeira e da voz xorda, a segunda. Ambas as dúas foron moi imitadas nos teatros de París, procurando o seu éxito, pero os resultados foron “arrepiantes”. De volta, a referencia a Quintiliano é inevitábel, cando ao falar da voz de dous actores clásicos di:

Distinto fue, en efecto, su modo de ser y carácter: porque también era más agradable la voz de Demetrio, la del célebre Estratocles más áspera [...] Uno de los dos que hubiese copiado del otro cualquiera de estas cosas, habría parecido hacer un papel feísimo. Por lo cual conózcase a sí mismo cada uno, y tome consejo no sólo a partir de las reglas generales, sino también de su propio modo de ser (Quintiliano 2000: XI, Cap. III, 178).

En calquera caso, se o actor interpreta desde a verdade, a súa voz e a súa proxección han ser correctas; o actor que interpreta desde a verdade non necesita explicitar nada, non lle cómpre explicar ao público o que sofre ou padece, a súa voz emana impregnada pola súa emoción. Por iso desacredita o actor que, no obxectivo de semellar contundente na expresión, forza o seu traballo; esta pretensión non fai outra cousa que afastar a intención do actor do fin que procuraba, resultando non conmovedor, senón molesto cando queda sen aire:

Cómpre non quedar nunca sen folgo por dar forza á expresión porque lonxe de aumentar o seu vigor, diminúe, e obriga a facer esas violentas aspiracións que se escoitan desde o fondo da sala e que fan sufrir o espectador.

Unha vez máis, consideracións semellantes lembran as reflexións de Quintiliano sobre o mesmo asunto:

Ni lo que decimos debe brotar confuso por la demasiada precipitación, con lo cual no sólo se destruye la división —de miembros y períodos—, sino también la expresión de sentimientos y alguna vez hasta las palabras se ven privadas de alguna parte de su propia sustancia (Quintiliano 2000: XI, Cap. III, 52).

Se estas ideas eran referidas respecto da emisión, na súa concreción artística, a declamación, a crítica aos vellos hábitos, acentúase. Claro que o debate sobre a declamación foi un dos primeiros lugares de desencontro entre os teatros moderno e antigo, e cando François Riccoboni plasma estas consideracións, a polémica sobre o tema xa medrara en defensores e detractores das vellas normas que pedían ao actor que comezase sempre a traxedia con “voz baixa e sen forza na interpretación”, para rematar subindo a forza da expresión ao final da traxedia. Este hábito desvincula, novamente, o mundo escénico do mundo real.

François Riccoboni volve á mesma idea de naturalidade: “Os versos trágicos deben ser pronunciados co son que esixen de xeito natural os pensamentos que encerran”, que nos remite a Quintiliano cando di que “dentro de unos mismos pasajes hay, sin embargo, ciertas inflexiones de voz no tan grandes, segundo exigirá [...] la naturaleza de los pensamientos” (Libro XI, Cap. III, 46). E unha vez máis lembramos a Sainte Albine, cando afirma que nesa pretensión ilusionista é imposible establecer regra ningunha sobre a arte de “réciter avec verité” (1971: 160), como unha mecánica descritiva, afirmando que

c’est à la nature elle-même à dicter celles qui sont les plus convenables, et le sentiment est le seul maître qui puisse enseigner les secrets de cette éloquent magie des sons (Sainte Albine 1971: 161-162).

O actor do teatro moderno debe fuxir da moda e gusto xeral da vella declamación, que vén condicionada polo fundamento logocéntrico (Barrientos 1991) da arte teatral. En canto o mundo escénico é comprendido en toda a súa globalidade, impera a necesidade real do personaxe, é dicir, a concreción teatral devén da necesidade teatral, non da necesidade do espectador. É esta unha actitude que rexeita a afectación do actor clasicista; por iso François Riccoboni pregúntase: “cando un heroe fala de cousas que non o emocionan o máis mínimo, ¿por que debería finxir unha voz extraordinaria? Cando unha princesa non está en absoluto axitada pola paixón, ¿por que é mester que chore?”, pois se é certo que os versos trágicos deben ser *ditos* con certa mesura, isto non quere dicir que deban *dicirse* sempre do mesmo xeito, coa mesma modulación. Cada momento esixirá un xeito de interpretar o texto; xa que logo, un xeito de entoación, e isto é consecuencia do verdadeiro sentimento do personaxe.

Os antigos non empregaban máis que de xeito despectivo a palabra declamación, e a súa etimoloxía fai ver que non chamaban declamadores máis que a aqueles que falaban voceando. Temos que ter coidado con non nos trabucar co verdadeiro sentido deste termo. Non é en absoluto a forza da voz o que fai o berro, é o xeito de soste o son e, sobre todo, a frecuente volta aos intervalos da mesma especie. Isto é o que hei explicar de vagar a continuación. Os comediantes e os oradores en tempo dos romanos falaban con moita forza pois estaban obrigados a elevaren sen descanso a voz para seren escoitados por unha multitude inmensa de espectadores; os oradores sagrados están obrigados a usaren a mesma forza cando están nun lugar amplo. Os comediantes en Italia falan moito máis alto que en Francia porque os seus teatros son máis grandes. Mais, todo iso faise sen declamar. A vehemencia e a monotonía unidas entre si son as que conforman a declamación. Comezar baixo, pronunciar con excesiva lentitude, arrastrar os sons con languidez sen os variar, eleválos subitamente nas medias pausas do sentido e retornar axiña ao ton de que se partiu; nos momentos de paixón expresarse cunha forza esaxerada, sen nunca abandonar a mesma clase de modulación: velaquí como se declama. O que resulta máis sorprendente é que semellante maneira de expresarse naceu en Francia e se conservase sempre. A nación do mundo que procura a maior gracia, dozura e soltura, e que ten máis ca ningunha outra o talento para conseguilo é aquela en que o teatro adoptou en todo o tempo a monotonía, a pesadez e a afectación. Non pretendo en absoluto facer aquí unha sátira dos comediantes de hoxe: eles sempre se presentaron do mesmo modo en París. Molière gastou os seus esforzos en criticalos en varias das súas pezas pequenas, e o teatro italiano en parodias. Nada foi quen de destruír nunca un mal tan arraigado. E así os mellores actores están na obriga de se conformaren co gusto xeral desde hai

moito tempo establecido; en contra de si mesmo un está forzado a seguir o torrente e a contraer os defectos acreditados, sen os cales se arriscaría a desagradar.

O célebre Baron³³, que merecía por moitos motivos a gran reputación que gozaba, era o único que non declamaba en absoluto. Era, con todo, o máis admirado, ¿por que non se procurou segui-lo? El interpretaba con máis enerxía ca ninguén, mais non estaba nunca forzado e así o máis grande papel tráxico fatigábao moito menos que un papel mediocre fatigaría a calquera outro. Mais aqueles que interpretaban con el estaban xa demasiado formados antes de que el aparecese; xa non había tempo para tratar de corrixilos. Dise que na súa mocidade Baron declamara como os outros. Nunha ausencia de trinta anos perdera os seus primeiros hábitos e, as sólidas reflexións que fixera verbo dunha arte para a cal recibira da natureza as máis grandes vantaxes, mudaran o fondo da súa interpretación, co que reaparece cheo desta simplicidade e desta verdade da cal foi un excelente modelo. Desgraciadamente non podía durar moito tempo, e axiña os comediantes deixaron de seguir tan admirábel exemplo.

Voltemos ao comezo. Os versos tráxicos deben ser pronunciados co son que esixen de xeito natural os pensamentos que encerran. Cando un heroe fala de cousas que non o emocionan o máis mínimo, ¿por que debería finxir unha voz extraordinaria? Cando unha princesa non está en absoluto axitada pola paixón, ¿por que é mester que chore? Iso acontece, sen embargo, todos os días. ¿É necesario, para falar nobremente, non afastarse xamais dunha monotónía ridícula? Os versos tráxicos teñen verdadeiramente unha medi-

³³ Michel Boiron (máis coñecido como Baron) nace no 1653 e morre no 1729. Actor e autor, forma parte da compañía de Molière entre os anos 1670 e 1673. Tras a morte do seu mestre, pasa ao Hôtel de Bourgogne, e tras once anos na Comédie-Française –1680 a 1691– abandona o teatro. Á idade de sesenta e sete anos, en 1720, retoma o traballo interpretativo que ha continuar desenvolvendo case ata a súa morte. O seu estilo é próximo ao da Lecouvreur na súa decidida aposta por unha entoación natural, fronte á afectada do vello teatro francés.

da uniforme, mais non se encadean sempre do mesmo xeito. O que se di muda a cada instante de pensamento e de sentimento, e é preciso, xa que logo, mudar a cada momento de ton. É certo que nos parlamentos tranquilos estes tons deben estar ligados uns aos outros por gradacións imperceptíbeis, mais un ton sempre uniforme non é aceptábel.

Leváronse estas equivocadas reflexións sobre a declamación ata o punto de elaborar a partir delas os principios máis desatinados. Velaquí un. Crese que é necesario comezar sempre unha traxedia con voz baixa e sen forza na interpretación, co fin de economizar os recursos para aumentar sen pausa a expresión ata á fin da peza. Partindo deste principio vin actores comezar a traxedia de *Mitridate*³⁴, en que Xifarès entra en escena lamentando a morte de seu pai que vén de coñecer, relatando esta noticia co mesmo sangue frío con que nós falaríamos da morte do gran Mongol se viñesen de nola anunciar. A única regra a seguir é a que nos prescribe o sentimento que temos que interpretar. Se o autor comezou a súa traxedia polo discurso dun fillo desesperado pola perda de seu pai, este fillo debe, chegando á escena, amosar a dor máis viva e expresala coa máis grande intensidade. O actor debe interpretar as cousas tal e como son descritas en calquera lugar da peza. Tanto peor para o autor se non tivo a habilidade de levar o sentimento máis lonxe na obra.

Cómpre agora, señora, que vos faga observar algo esencial. O hábito de rematar as frases cun ton que marque o final perdeuse cáseque totalmente. Todos os versos rematan hoxe cuns sons no aire e semella que as pezas carezan de puntos e vírgulas. Para evitar este defecto, vovos facer apreciar cal é o encadeamento de sons que denota a terminación do sentido. A división dos tons na palabra ten uns intervalos moito menores que no canto. Con todo,

³⁴ Obra de Racine estreada no ano 1673.

un oído delicado aprecia a comparanza que se pode facer entre estas dúas clases de divisións. Débese sinalar un punto cando se fala, como o fai unha cadencia de baixo na música. O baixo, para rematar un canto, forma descendo a entoación dunha quinta, é dicir, que entoa a quinta do ton, e de aí entra subitamente á nota tónica. A mesma cousa debe acontecer na palabra. Cando a voz entoa descendo un intervalo o suficientemente distante para semellarse ao dunha quinta, o oído sente que a frase rematou. Mais cando o son da última sílaba se sente similar ao das sílabas precedentes ou se eleva por riba das outras, o sentido permanece en suspenso e o espectador agarda que o actor continúe. É moi necesario saber facer as pausas, pois delas dependen os cambios de ton, que producen no oído o efecto máis agradábel e fan sentir a precisión e a variedade da expresión.

Sería inimaxinábel que alguén establecese por principio *que é monótono rematar todas as frases na oitava baixa*. Sen me preocupar polo falso da expresión, non me intereso máis que pola falsidade da idea. ¿Crese que non é monótono rematalas todas do mesmo xeito? Destas dúas uniformidades, ¿non debemos escoller aquela que vén prescrita pola natureza antes que aquela que denota unha falta de gusto, de oído e de bo sentido? Digo máis: unha soa frase rematada sen facer unha pausa é unha falta insoportábel. ¡Eis como se xulga! Un ve o espectáculo, escoita dicir que un actor é bo e cégase a tal punto que toma todos os seus defectos por virtudes e conságraos como modelo do cal pretende tirar principios. Eu digo que estes xuízos nacen dos rumores, porque un espectador que xulga por coñecemento sabe distinguir, nun suxeito que se fai digno de agradar, cales son as súas boas ou malas cualidades.

A INTELIXENCIA

Cando se quere facer a loanza dun actor, adóitase hoxe gabar a súa intelixencia. En efecto, cómpre unha gran intelixencia, non só para reproducir ben todas as variedades dos diferentes papeis que un interpreta, senón tamén para facer sentir todos aqueles matices que se achán nunha mesma peza. Con todo, vemos honrar a miúdo co nome de intelixencia o que non é máis que un xeito tosco de entender o que queren dicir as palabras do seu papel. Ben pouca cousa é semellante intelixencia, é a mínima cualidade que pode ter un actor. Mais non a teñen todos e debemos, pois, apreciar os que a posúen. O que merece verdadeiramente o nome de intelixencia pódese considerar como o primeiro talento do teatro. Ela soa é a que fai grandes os actores, e sen ela nunca se pode ser máis que un deses mediocres suxeitos, a quen algúns adornos na figura ou na voz dan algunhas veces brillantez, mais de quen o entendido non pode estar plenamente satisfeito. Non abonda con comprender os parlamentos que un autor puxo na nosa boca e tampouco con non dicilos a contrasentido. É necesario comprender en cada instante a relación que pode ter o que nós dicimos co carácter do noso personaxe, coa situación en que estamos en escena e co efecto que iso debe producir na totalidade da acción. Esta sorte de comprender é tan delicada que, para detallala con razoamento, esixiría ela soa unha obra moi estensa. Voume limitar a algúns exemplos que han ser ben sutís para explicar os diferentes coidados que son precisos reunir para amosar unha verdadeira intelixencia.

Temos que dicir nunha escena *bo día*. Esta expresión é ben simple, e todo o mundo a entende. Mais non abonda con comprender que se trata dunha cortesía que se ten coa xente que chega ou que un atopa: hai mil maneiras de dicir *bo día*, segundo o carácter e a situación. Un namorado di *bo día* á súa amante con aquela dozura e aquel afecto que amosan os seus sentimentos para con aquela a quen saúda. Un pai dío con tenrura ao fillo que ama, e

cunha frialdade mesturada de desgusto a aquel con quen está descontento. Un avaro, mesmo dicindo *bo día* ao seu amigo, debe amosarse inquedo. O ciumento apunta unha cólera que o decoro lle impide manifestar cando saúda a un mozo que está obrigado a recibir contra a súa vontade. Unha criada di *bo día* cun ton engaiolante e cómplice ao namorado que a súa señora ama, e cun ton brusco ao ancián que trata de conseguila á forza. Un fachendoso saúda cunha cortesía afectada e mesturada cun ton de orgullo que demonstra que, se ten a ben saudarvos, é por amabilidade, e que, con rigor, non estaría en absoluto obrigado a facelo. O home triste di *bo día* cun ton aflicto. O criado que fixo unha trasnada ao seu amo diríxese a el cun aire que busca amosar seguranza, mais a través do cal debe adiviñarse o temor. Un pillabán saúda aquel que vai embelecar cun ton que debe inspirar confianza a quen vai ser obxecto da súa traizón, e onde o espectador debe percibir que medita unha falcatruada. Cumpriría detallar todos os caracteres da humanidade e todas as situacións da vida, se quixesemos explicar as innumerábeis variedades que se poden atopar na expresión dunha palabra que semella tan simple de primeiras. O Señor da Torilliere, pai daquel que aínda vemos no teatro, era nesta empresa o actor máis perfecto que eu nunca escoitara. Non cría que un só monosílabo fose inútil no seu personaxe; un *sì*, un *non* na súa boca denotaba continuamente a situación e o carácter. Vin despois as mesmas cousas interpretadas por actores considerados brillantemente intelixentes e que estaban ben lonxe de comprendelas coma el. Esta intelixencia, a que nada escapa, é a que fai o comediante excelente superior ao lector e, na miña opinión, mesmo ao home culto. Porque todos aqueles a quen a natureza deu o enxeño estarían en situación de interpretar a comedia se esta cualidade entrañase necesariamente a intelixencia de que falo. Mais temos demasiadas experiencias do contrario e, con gran enxeño e educación, vimos moitos actores non comprender máis que a aparencia do seu personaxe. Hei cesar de falar verbo dunha materia inesgotábel, mais o coñecemento dos diferentes pun-

tos que hei tratar a continuación ha podervos dar, señora, a facilidade de voltardes vós mesma a este que eu abandono agora, e de realizar certas reflexións que a modo vos han persuadir de que toda a arte do teatro depende desta única parte.

A EXPRESIÓN

Chámaselle expresión á destrezacon que se lle fai sentir ao espectador todos os impulsos nos un quere semellar que está inmerso. Digo que un quere semellalo, e non que un estea verdadeiramente inmerso. Con este motivo, señora, vouvos revelar un deses erros brillantes polo que un se deixa seducir, e no cal algo do charlatanismo por parte dos comediantes pode ter axudado moito. Cando un actor interpreta coa forza necesaria os sentimentos do seu personaxe, o espectador ve nel a máis perfecta imaxe da verdade. Un home que estea verdadeiramente nunha situación similar non se expresaría de ningunha outra maneira, e cómpre levar a ilusión a tal extremo para interpretar correctamente. Sorprendidos de tan perfecta imitación da verdade, algúns colléronna como a verdade mesma e creron o actor afectado polo sentimento que representaba. Colmáronno de gabanzas, que o actor merecía, mais que partían dunha idea falsa, e o actor, que atopaba o seu beneficio en non destruíla, abandonounos no erro apoiando o seu parecer.

Ben lonxe de eu me someter nunca a este parecer, que é aceptado case xeralmente, sempre me semellou demostrado que se un ten a desgracia de sentir verdadeiramente o que debe expresar, non se está en situación de interpretar. Os sentimentos sucédense nunha escena cunha rapidez que non se acha en absoluto na natureza. A breve duración dunha peza obriga a esta precipitación que, ao aproximar os obxectos, lle dá á acción teatral toda a calor que lle cómpre. Se nun momento de tenrura vos deixades arrastrar polo senti-

mento do voso personaxe, o voso corazón hase atopar subitamente oprimido e a vosa voz ha afogar case completamente. Se cae unha soa bágoa dos vosos ollos, os saloucos involuntarios hanvos amolar a gorxa e havos ser imposíbel pronunciar unha soa palabra sen eses xemidos entrecortados tan ridículos. Se debedes entón pasar de súbito á máis grande cólera, ¿havos ser iso posíbel? Non, sen dúbida. Trataredes de recuperarvos dun estado que vos priva da facultade de continuaredes, unha friaxe mortal hase apoderar de todos os vosos sentidos e, durante algúns instantes, non interpretaredes máis que mecanicamente. ¿Que ha ser, nese momento, da expresión dun sentimento que demanda moita máis calor e forza que o primeiro? ¿Que horríbel transtorno non ha producir iso na orde dos matices que o actor debe percorrer para que os seus sentimentos semellen ligados e parezan nacer os uns dos outros? Examinemos unha circunstancia diferente que nos ha dar unha demostración máis apreciábel e que os prexuízos terán difícil combater. Un actor entra en escena, as primeiras palabras que escoita deben causarlle unha sorpresa extrema, comprende a situación e, de súbito, o seu rostro, a súa figura e a súa voz denotan un asombro que impresiona o espectador. ¿Pode o actor estar verdadeiramente asombrado? El sabe de memoria o que lle van dicir: entra en escena xustamente para que llo digan*.

A Antigüidade legounos un feito singular e que semella axeiado para soste a idea que eu trato de combater. Un famoso actor trágico, chamado Esopo, interpretaba un día os furores de Orestes. No momento en que tiña a espada na man, un escravo destinado ao servizo do teatro atravesa a escena e crúzase infelizmente no seu camiño. Esopo non dubida nin un instante en matalo. Eis un home que semella tan inmerso no seu personaxe que experimenta ata o

* (N. do a.): Sei que neste artigo estou completamente oposto ao sentimento de meu pai, como se pode ver nos seus pensamentos verbo da declamación. O respecto que debo á súa decisión, o recoñecemento para co meu mestre na arte do teatro, abonda para me persuadir de que estou trabucado; máis pensei que a miña reflexión, verdadeira ou falsa, non sería inútil ao lector.

furor. ¿Mais por que non mata ningún dos comediantes que interpretaban con el? Porque a vida dun escravo non valía nada, mais estaba na obriga de respectar a dun cidadán. O seu furor non era, xa que logo, tan verdadeiro, pois permitíalle á súa razón toda a liberdade de elección. Mais, como un hábil actor, aproveita a ocasión que o azar lle presentaba. Non digo que interpretando parlamentos de gran paixón o actor non sinta unha emoción moi intensa; é, mesmo, o que ten de fatigoso o teatro. Mais esta axitación provén dos esforzos que cómpre facer para encarnar unha paixón que non se sente, o que lle dá ao sangue un movemento extraordinario que pode mesmo enganar o actor se non examinou con atención a verdadeira causa de onde provén.

Cómpre coñecer perfectamente cales son os impulsos da natureza nos demais e permanecermos sempre o bastante donos da nosa alma como para facela, a vontade, semellarse á dos outros. Esta é a grande arte. Velaquí de onde nace esta perfecta ilusión a que os espectadores non poden opoñerse e que os arrastra ao seu pesar.

É preciso que a expresión sexa natural. Con todo, crese moi comunmente que non se debe reter nos límites exactos da natureza. Estes serían, dise, de pouco efecto e só producirían unha interpretación fría. Meu pai ten o costume de dicir que para impresionar cómpre ir dous dedos máis aló do natural; mais que se se supera esta raia, de contado un é esaxerado e desagradábel. Este xeito de falar explica divinamente o perigo que o actor ten decote de expresar ou de máis ou de menos. Examinemos, sen embargo, se non se poderían atopar na natureza uns modelos que, perfectamente seguidos, darían a extrema verdade acompañada da enerxía necesaria. Observemos o mundo. Non digo só ese mundo escollido que presume de distinción, digo o mundo en xeral e, máis ben, os humildes que os grandes. Estes últimos, afeitos polo uso e a cortesía a non se deixaren arrastrar polo primeiro impulso en presenza doutro, poden dar poucos exemplos da expresión máis vital. Mais os homes

dun rango menos elevado, que se abandonan máis doadamente ás impresións que reciben, o pobo que non sabe reprimir o máis mínimo os seus sentimentos, son os verdadeiros modelos da expresión intensa. Neles podemos ver o abatemento da dor, a humillación dun suplicante, o orgullo despectivo do vencedor, o furor levado ao exceso. Aí é onde atopamos, máis que en calquera outra parte, os exemplos da expresión do tráxico. Engadamos soamente un verniz de cortesía e todo será perfecto. Nunha palabra: cómpre expresarse como o pobo e presentarse como os grandes.

Non se debe nunca esaxerar a expresión, é unha regra indiscutíbel. Mais é preciso comprender que a esaxeración non procede xamais da excesiva forza do sentimento. É o accesorio o que a bota a perder, isto é, a mecánica do xesto e da voz. Se para producir unha expresión vigorosa se fai un xesto violento despois de amosar que un o preparaba, se un se detén despois nunha posición forzada, se lle dá á voz un impulso demasiado forte e longo e se emite un son demasiado diferente dos outros, daquela un é esaxerado. A aspereza e a pesadez fan os actores forzados. Canto máis vivo é un arrebatado, menos cómpre permanecer nel: niso se imita a natureza que non é quen de soste-lo longo tempo as situacións que a atenzan.

O SENTIMENTO

Os movementos que nacen no espírito con gran prontitude e sen a axuda da reflexión, e que desde o primeiro instante nos determinan malia a nós, son os únicos que deberían levar o nome de sentimentos. Hai dous que son predominantes e que podemos considerar como orixe de todos os outros: o amor e a cólera.

Todo o que non nace dunha destas fontes é doutra especie. Por exemplo, a alegría, a tristura e o medo son simples impresións. A ambición e a avariza son paixóns meditadas. Mais a piedade é un

sentimento que nace do amor. O odio e o desprezo son os fillos da cólera.

Esta distinción que posibelmente atoparedes algo metafísica, señora, era necesaria para vos facer comprender a razón que me determinou a ordenar todos os sentimentos en dúas únicas clases. Uns son *tenros* e outros son *enérxicos*. Os primeiros reciben do amor o seu carácter principal e os segundos están sempre máis ou menos acompañados da cólera.

A TENRURA

Os momentos conmovedores son aqueles que se denominan ordinariamente como sentimento. Este vocábulo é demasiado xeral e heime servir do de tenrura, que me parece máis conveniente e positivo. Velái a parte da expresión que demanda maior dozura e fineza. Cómpre gardarse ben de empregala a destempo e de crer, como acontece con algunhas persoas, que se está na obriga de enterrecerse decote cando un encarna un papel sensíbel. Se semellante personaxe ten momentos de tranquilidade ou de ledicia, é ridículo interpretalos cun ton choroso. Non digo que sexa preciso rir ás gargalladas cando só se sente esa alegría doce que se atopa nos personaxes elevados e nos instantes de nobreza; antes ben, cómpre que a voz e o rostro amosen a ledicia. Imaxinamos erroneamente que un aire sereno deshonoraría a traxedia. A voz afogada e a declamación triste opóñense á verdade nesas ocasións, e non vemos máis que abondosos exemplos deste defecto.

Cando a escena obriga a adoptar un ton conmovedor é preciso comprender ben de que clase é a tenrura que un debe expresar. A tenrura dunha nai coa súa filla, dun súbdito fiel co seu Rei ou dun namorado coa súa amada teñen todas un carácter diferente e cada unha ten a súa maneira de ser representada. O sentido común fai

comprender doadamente este principio. Mais cómpre moita sutileza para distinguir ben as diferencias dun sentimento que nun primeiro momento semella ser para toda ocasión o mesmo. Non podería comprometerme a detallar todos os tons de que un mesmo sentimento é susceptíbel. Deixo aos espíritos sensíbeis o coidado de percibilos por eles mesmos. Todo o que vos podó facer observar, señora, é que a tenrura non é case nunca no teatro un impulso único, e que vai polo común acompañada dalgún outro que debe caracterizar a situación e servir de guía ao actor no xeito en que debe amosarse enternecido. Ben é o temor pola persoa que se ama, ben é a inqueda por perdela ou a dor de verse afastado dela. Algunhas veces é o desespero de non poder agrada-la ou a piedade pola súa triste situación. Pode ser o remorso dun amor ilexítimo, a cólera por un abuso de confianza, cólera que, por non destruír por completo a tenrura, é aínda máis viva, e mil outras que observaredes doadamente se tedes ante os ollos a regra que veño de vos dar. Nos momentos en que se expresa unha tenrura de amor cómpre gardarse moito de excederse na expresión porque devén indecente, sobre todo nas mulleres. Cómpre evitar os berros porque destrúen o carácter da tenrura, que é unha paixón doce. Este sentimento é o que os actores mediocres reproducen polo ordinario bastante ben, con tal de non caer na sosaría. Non debe un facerse cargo deste papel se non se ten unha voz harmoniosa e un rostro interesante, porque uns ollos duros e unha voz ruda se opoñen a unha expresión que debe ser delicada.

A FORZA

O arrebató é máis difícil e raramente o encontramos ben interpretado, porque esixe na interpretación tanta moderación como vigor. O home a quen unha violenta paixón arrebató non perde completamente o sentido, aínda é quen de reflexionar, e un xeito de interpretar con demasiada violencia este estado amosa lou-

cura. Hai uns límites que observar segundo a ocasión. Se lle falarmos a unha muller, cómpre conservar, tanto como sexa posíbel, o respecto que se lle debe, mesmo dicíndolle as cousas máis enoxosas. É algo que o home ben nacido sente divinamente e que sería difícil definir. Se un home é o noso subordinado, farémonos despreciables se levamos demasiado lonxe o insulto porque el non está en situación de se vingar. Se for o noso superior, mesmo se lle falamos con ousadía, gardarémonos de non poñelo xamais na necesidade de comprometerse ou de caer na deshonra por aturar pacientemente o que un home non debería aturar: porque non se trata de interpretar para si mesmo, cómpre interpretar constantemente para os demais. Eis o que non se observa a penas: nos casos de que veño de falar o puño pechado produce mal efecto.

O FUROR

Hai algunhas situacións, en verdade escasas na realidade, mais impresionantes, para as que case non saberíamos dar regras porque o ben ou o mal interpretar dependen de tan poucas cousas que é máis doado sentilo que explicalo. Isto acontece cando o personaxe se atopa transportado fóra da natureza e por riba da humanidade. Tales son as escenas de furor. O actor neses momentos non debe gardar ningunha medida nin posición fixa en escena. Os movementos do seu corpo deben amosar unha forza superior á de todos os que o rodean. A súa ollada debe inflamarse e encarnar o delirio. A súa voz debe ser algunhas veces atronadora e outras apagada, mais sempre sostida por un extremo vigor do peito. Sobre todo debe camiñar e moverse moito, pois a figura dun furioso nunca se presenta estendendo os brazos e tremendo inmóbil. É doado, cando se procura interpretar ben os arrebatos, caer no ridículo, pois non todo o mundo está capacitado para o facer ben. Sobre todo cómpre advertir que todos os arrebatos non son da mesma especie. Os de Orestes

en *Andromaque*³⁵ son o resultado dun amor desesperado. En *Electre*, da dor dun crime involuntario. En *Oedipe* é o horror de verse obxecto da cólera divina, e o encadeamento inevitábel de todos os crimes. En *Hérode*³⁶ é o abatemento dun esposo que fixo perecer a aquela que adoraba, e a deshonra dunha paixón desprecíbel. Todos estes arrebatos teñen caracteres diferentes, e débese, ao interpretalos, poñer sempre ante os ollos do espectador o sentimento de onde nacen os mesmos.

O ENTUSIASMO

A profecía de *Joad* é menos penosa e infinitamente máis difícil, porque esixe máis grandeza e máis variedade. *Joad*, animado polo espírito divino, debe amosarse cheo dunha maxestade que lle é estraña. Ve confusamente o porvir que, a modo, se desenvolve ante os seus ollos. Cando reprocha ao pobo xudeu os crimes de que está manchado, non é o home, é Deus quen fala. Despois as calamidades da súa nación arríncanlle as bágoas e a humanidade abrolla. Finalmente, o Profeta cheo dun sagrado xúbilo, prevé a chegada do Mesías e anúnciao a toda a terra. ¡Canta dificultade supón interpretar estas diferentes expresións cunha forza sobrenatural sen ofuscarse nunca, e parecer sempre posuído dun impulso divino que nos obriga a falar ao noso pesar! Mais cómpre gardarse ben de interpretar os furores da pitonisa en troques do entusiasmo do profeta; tal é o que vemos acontecer nalgunhas ocasións. É preciso ser instruído pola natureza para chegar á perfección en parlamentos desta clase. A arte non ha medrar nunca se non está sostida polos talentos naturais.

³⁵ Obra de Racine estreada no ano 1667.

³⁶ Así como vén de citar os exemplos de *Electra* e *Edipo*, amplamente coñecidos na tradición occidental, cando François Riccoboni trae o exemplo de Herodes refírese non á tradición popular vinculada á celebración da festa do Nadal, senón á fonte orixinal recreada, entre outros, por A. Hardy en 1610 coa súa *Mariamme*, ou, máis probabelmente, á obra de Tristán l'Hermite, *La Mariane* (1636), cun Herodes que ordena matar a súa muller, falsamente acusada de pretender envenenalo, e impulsado por un destino supremo que chega a martirizar a súa propia conciencia. Foi Josefo, no Renacemento, quen recuperou a historia orixinal no seu *Bellum Judaicum*.

A NOBREZA

Este é o lugar axeitado para explicar de onde nacen na representación estas dúas disposicións tan escasas: a nobreza e a maxestade. Semella que só recibimos estas cualidades da natureza e que a arte ou a reflexión non poden ter ningunha parte niso. A experiencia parece confirmar esta opinión. Os homes coa máis fermosa aparencia están algunhas veces privados de toda nobreza. Por outra parte, recordo ver interpretar moi nobremente un papel de petimetre por un afeccionado que tiña unha figura tan pouco feita que nin as roupas máis habilmente adornadas podían agachar o defecto do seu porte. ¿De onde ven, pois, a nobreza? Da perfección da actitude máis que de calquera outra cousa. Se un actor realiza movementos relaxados e sen afectación, a súa interpretación será nobre. É a soltura no xeito de andar, a simplicidade na compostura, a dozura e o desenvolvemento no xesto que outorgan esta cualidade tan arelada. Cando non amosamos ningunha atención pola nosa figura e o espectador coída non ver traballar máis que o noso espírito, a nobreza está no seu máis alto grao.

A MAXESTADE

Polo que se refire á maxestade, vai moito máis lonxe e vémosla máis raramente. É, precisando mellor, a nobreza levada a un grao máis alto do ordinario. O porte imponente é un regalo da natureza, mais non abonda para amosar a maxestade. Cómpre engadir outra cualidade que depende da reflexión e que fai máis que os dons naturais. O actor que sente canto a súa posición o sitúa por riba de todos os que o rodean e que pon coidado en lle facer sentir o mesmo ao espectador, ha ser certamente maxestoso. Cando un Rei fala con bondade a un seu suxeito, cun desvelo que lle é grato, cómpre que ao expresar toda a amizade que sente

por el, os seus xestos contidos fagan ver que a súa grandeza lle impide descer a esas familiaridades que tería cun seu igual. Se ordena, que sexa coa seguranza dun soberano que non pode ser desobedecido. Se por casualidade un ousado o crispa, cómpre que esta paixón sexa reprimida pola razón e vencida polo desprezo dun home grande en demasía para se crer insultado. En fin, aquel que sente a súa ocupación é, con toda a certeza, maxestoso. Neste caso o trato cos grandes pode ser infinitamente útil. Penso, mesmo, que cómpre ter certa elevación no espírito para interpretar a grandeza dunha maneira conveniente. Pois se un pasa os límites da verdade nos lugares onde quere ser maxestoso, só chega a resultar ridículo. Un home non semella nunca tan cativo como cando quere sentar cátedra.

A COMEDIA

Semella que ata aquí non teña falado máis que do trágico. Mais non dubido, señora, que apreciades que todo canto dixer convén ao cómico tanto como á traxedia. Estas dúas clases de representacións seméllanse de mil maneiras. O cómico non forma parte da traxedia e non obstante os máis grandes movementos do trágico proveñen da comedia. Todas as paixóns e todas as situacións lle son propias, e nela o sentimento pode ser levado ao máis alto grao. A comedia ten, decote, personaxes nobres e instantes onde mesmo a maxestade é necesaria. A única diferenza que podemos facer entre un e outro xénero é que a comedia percorre todos os tons, e que a traxedia se restrinxen a un número máis pequeno. Estaríamos máis doadamente convencidos do cal expoñer se estivesemos afeitos a vermos interpretar o trágico sen esaxerar a voz e o xesto.

OS AMANTES

Vaiamos, pois, á comedia en concreto, é dicir, aos puntos que lle corresponden en exclusiva. Falemos da arte de suscitar o xúbilo. Isto é o que ten de máis difícil o teatro. Só falo aquí dos personaxes nobres da comedia, quero dicir, daqueles que están obrigados a faceren rir sen xestos nin baixeza.

A menos que un estea axitado por unha violenta paixón, caso no cal está no ton tráxico, na comedia debe ter un aire alegre e tranquilo. Un rostro contento dispón o espectador a rir na obra. Os actores cómicos só deben chegar á tristura cando resulta indispensable, de vagar, por graos e como persoas que a rexeitan. Se o seu papel non debe facer rir, non cómpre que se opoñan con semblante triste ou sombrío á impresión cómica que pode nacer dos personaxes cos cales comparte escena. Mais se eles mesmos teñen que dicir cousas risíbeis, deben empregar toda a súa arte para non atenuaren a expresión sen perder un ápice de nobreza. Velaí o que convén aos papeis do amante: son os que se deben interpretar cando un é novo, porque non teñen a mínima dificultade e porque habitúan o actor a este porte desembarazado que caracteriza o home de mundo.

OS CARACTERES

Cando perdemos esta primeira louzanía que tan ben senta ao amor e nos afianzamos na interpretación, debemos pasar a unha ocupación máis importante, a máis difícil do teatro: os papeis de carácter. Canto máis marcado é un papel máis difícil resulta interpretalo ben. Un pode, lendo, aprender como pensan os homes conforme os seus diferentes caracteres, aínda que só ao velos podemos coñecer o modo en que expresan os seus pensamentos. Cómpre, para se formar neste xénero, moito estudio do mundo. Cómpre ade-

mais estar dotado do talento de imitar doadamente o que un ve no outro. O carácter exerce unha influencia tan forte sobre a persoa que lle dá unha fisionomía particular, un porte que lle é propio, un xesto que a súa maneira de pensar transformou en hábito e, sobre todo, unha voz cun ton que non sabería convir a un carácter diferente. Son estas observacións ben delicadas e para as cales cómpre ter unha ollada sutil e precisa. Eu digo que a cada carácter corresponde unha voz particular; este é un dos medios máis seguros de encarnalo na súa máis grande perfección. A timidez dá unha voz feble e entrecortada, a fatuidade ten un ton dominante dunha certeza enoxosa, o home groseiro ten a voz chea e a articulación torpe, e o avaro que pasa a noite contando o seu ouro debe ter a voz rouca. Todos os demais caracteres están pouco máis ou menos no mesmo caso e esixen, cada un deles, un ton de voz que lle convén exclusivamente.

É preciso non perdermos nunca de vista o carácter do personaxe. Aínda que teñamos que dicir as cousas máis indiferentes, debemos pensar en non dicilas nunca como o podería facer aquel que non representa o mesmo carácter ca nós. Deste xeito créase un personaxe consistente e algunhas veces faise destacar en momentos en que o autor semellaría telo esquecido. Unha continúa atención á escena é a cualidade máis avantaxosa que pode ter un actor. Fai a interpretación tan compacta e unida que, sostida só por unha mediocre intelixencia, dá algunhas veces unha gran reputación a actores, polo demais moi defectuosos. A distracción, polo contrario, é tan gran defecto que só o aspecto ausente nos fai insoportábel un actor.

O que veño de dicir sobre os papeis de carácter debe facervos estimar, señora, que para ter este encargo cómpre ter un talento particular. Non é dado a todo o mundo poder metamorfosearse e mudar de talante, de voz e de fisionomía cada vez que muda de vestuario. Non é cousa, neste xénero, de interpretar debilmente. Cómpre, nos caracteres, empregar trazos decididos e firmes, o que

non se fai doadamente cando non se quere forzar en nada a natureza. É algo máis sorprendente do que un pensa o feito de que os actores, que a nada que teñan cabeza, tremen ao entraren en escena e sexan quen de controlarse ata o punto de amosaren toda a audacia de que cómpre revestirse en situación semellante. O xénero do cal veño de falar chámase alta comedia porque une á vez o gracioso e a nobreza.

A BAIXA COMEDIA

Os criados, os campesiños, os vellos ridículos, os papóns e eses personaxes bufonescos que só aparecen ordinariamente en escenas episódicas constitúen o cómico de segunda clase. Non é necesario dicir canto máis doados son de desempeñar estes papeis que aqueles de que veño de falar. Todo o mundo o ve e está conforme. A razón é simple. Canto menos obrigado se está de ter nobreza e gracia na figura, precisión e flexibilidade na voz, tanto máis doada se fai a interpretación. Estas son, mesmo, cualidades de que cómpre desfacerse cando se interpreta a baixa comedia. Un vello debe presentarse como un home cunhas pernas que teñen dificultade para sostelo, a súa voz non debe ser plena e sonora e o seu xesto debe ser tardo, feble e pouco desenvolto, pois os brazos dun home a quen a idade encorvou as costas e aproximou os ombreiros teñen dificultade para se elevaren. O criado, máis mozo e máis áxil, debe amosar máis vigor aínda que non máis gracia, e en toda a súa persoa debe sentirse a falta de educación. O campesiño é aínda máis groseiro e máis torpe. A súa voz debe ser máis dura e a súa maneira de xesticular debe representar a rusticidade do seu estado. Preguntarédeme, quizais, se para teren éxito estes actores deben estar faltos de gracia. Responderéi a esta cuestión fixando os límites nos cales deben conterse. O actor da baixa comedia debe afastarse completamente das boas maneiras que un pode adquirir pola educación e polo trato social. Debe, todo o

máis, amosar só o que se chama unha boa disposición natural. Non debe tampouco, para se afastar dos movementos cheos de gracia que se empregan unicamente nos papeis nobres, adoptar xestos crebados e contorsionados, nin adoptar co corpo e cos ombreiros posturas esaxeradas que a natureza non pode dar a ninguén e que proveñen da chufa das pezas de feira³⁷. Non debe nunca descer ata un grao de baixeza que o envileza en exceso aos ollos dos espectadores, mais debe gardarse de ser nobre. Un deses sofistas de moda podería dicir que os caracteres máis baixos teñen o seu aquel de gracia e de nobreza, mais tan só son palabras de que percibimos a futilidade cando examinamos as cousas de preto. Non podo deixar de censurar un uso que teño visto practicar decote en todos os teatros do mundo. Cando un criado se disfraz para semellar un home de condición e vémolos aparecer cun vestiario feito expresamente para resultar extravagante e de que non atoparíamos un semellante en todo o Reino. Este uso é ben contrario ao bo sentido. Normalmente suponse que colleu un traxe do seu amo e moitas veces é o propio amo que llo dá e lle ordena coller este disfrace; seguramente o amo ten traxes como lle corresponde á súa nobreza, e o propio criado sabe como as xentes de bo ton se visten. Admito que se atope apurado nun traxe cun esplendor que lle é extraordinario para el, mais o traxe debe ser rico e nobre. É se o actor sabe ser verdadeiramente cómico, o contraste do seu vestiario e da súa interpretación halle servir moito mellor que unha indumentaria ridícula e fóra de lugar. Con respecto a estes papeis esaxerados, de que non se fai uso máis que de paso e raramente, é inútil dar ningún precepto para interpretalos ben. Pódense ver os orixinais da súa figura nos deseños grotescos de Callot³⁸, e empregalos como un o xulgar conveniente. Hai espectadores a quen este xénero complace.

³⁷ Escena burlesca propia dos séculos XVII e XVIII que se representaba á entrada do teatro como reclamo. Tamén pezas de feira.

³⁸ Jacques Callot nace no 1592 e morre no 1622. Pintor francés que residiu en Florencia entre 1609 e 1622. Alumno de Parigi –arquitecto de teatro– en 1614, foi estimado polas súas ilustracións *Trois Pantalons* e *Balli di Sfessania*, onde plasmou a tipoloxía da Commedia dell'Arte e onde se adiviñan trazos futuros do teatro moderno.

AS MULLERES

Os papeis cómicos das mulleres deben interpretarse segundo os mesmos principios que os dos homes. Fóra diso, o xeito da muller ten máis dozura e xentileza. Aínda hoxe se seguen os bos principios para os papeis de vella e de campesiña. Mais non podo queixarme abondo pola teima que existe desde hai tempo en outorgar nobreza ás criadas. O seu xeito de interpretar converteuse, pouco máis ou menos, no dunha namorada alegre, e iso seméllame contrario ao natural. É certo que os autores cómicos dos nosos días contribuíron moito a este defecto. Unha criada observa as xentes que chegan á casa da súa ama, mais nunca se mestura con elas. Pode aprender algo, mais non o pon en uso. O carácter do seu espírito é o de ter máis malicia que delicadeza. E os pensamentos máis claros deben ser expresados na súa interpretación con toda a forza de alguén que é quen de concibilos, mais non co encanto dunha persoa afeita á conversación brillante. Vemos poucas actrices manterse nestes límites. A meirande parte vístese dunha maneira pouco conveniente ao seu personaxe. As que interpretaban na miña mocidade sabían caracterizarse mellor. O desexo de brillar mudou todo. Agora o vestiario da criada é algunhas veces máis espléndido que o da súa señora: as súas orellas estan cargadas de diamantes e apreciamos, na súa interpretación, tantos adornos como na súa saia.

O GRACIOSO

Véxome agora na obriga de procurar de onde nace o gracioso. É un punto moi delicado e a miúdo un se equivoca. E se o gusto natural non retén o actor no verdadeiro camiño, irrita en troques de facer rir. Cómpre subliñar que un cómico debe ser gracioso non só cando está nunha situación agradábel e cando di cousas divertidas, mais tamén está obrigado a facer rir cando se atopa nunha situación infeliz e cando fala de cousas tristes. Nos momentos de alegría, un

semblante alegre e un xeito de dicir natural abundan para soster a broma. Mais nos momentos de tristura, ¿cal é o procedemento para facer rir? É preciso gardarse de unir ao sentimento doloroso que nos embarga ningún deses trazos que elevan o espírito e que fan a un tempo estimar e compadecer aquel que vemos en desgracia. Nun papel serio, o temor, por exemplo, debe estar sostido por esta firmeza que, amosando un home capaz de aturar con coraxe o infortunio, fai respectar a forza dos seus sentimentos. Nun cómico, ao contrario, cómpre ter a expresión desa covardía que degrada ao desgraciado e que nos fai rir do seu desastre. Así pois, é preciso levar coidado e non equivocármonos, pois non podemos rir nin chorar da desgracia cando nos resulta allea. Un e outro sentimento xorden en nós segundo vexamos como sufren o percance que nos presentan. Levemos esta reflexión a todas as situacións e sentiremos a diferenza entre a expresión seria e a cómica para un mesmo acontecemento.

Hai aínda un xeito de resultar gracioso que nunca falla. É estar serio fóra de lugar. Este método ben empregado fai tanta máis impresión canto que nos presenta a imaxe dun ridículo bastante común. Cando vemos un personaxe polo cal temos pouca estima e, algunhas veces, desprezo, crese extremadamente importante e adquirir un ton superior, rimos do falso das súas ideas e da gran atención que quere que prestemos ás súas pequeneces. Deste disparate nace o xénero que se chama papeis de capa³⁹. Nesta ocasión cómpre interpretar como un tráxico para ser completamente divertido. Mais é necesario que o actor manteña unha desunión entre a voz e o xesto que lle impida ser nobre. Velaquí unha boa ocasión para empregar a gravidade de Scaramouche⁴⁰, de que fala Racine no prefacio dos *Plaideurs*⁴¹. O papel de capa é, de todos os papeis da

³⁹ A. Bouchard (1878) defíneno como: “Emploi de l’ancien répertoire; il est remplacé de nos jours par les pères nobles et les financiers”.

⁴⁰ Designación francesa do personaxe da *Comedia dell’Arte* Capitán Scaramuccia, que sempre presume da súa elevada alcurnia.

⁴¹ Estreada no ano 1668.

baixa comedia, con que se acada o éxito con máis dificultade. Poderíase mesmo situar na clase da alta comedia, en vista do seu mérito e da súa dificultade.

O actor debe sobre todo observar que canto máis divertido é o que vén de dicir menos debe tomar parte na diversión. É un gran defecto, e case insoportábel, rir un mesmo cando fai rir os outros, porque esta falta destrúe a ilusión.

A INTERPRETACIÓN MUDA⁴²

A parte máis estimábel nun comediante é a interpretación muda. Pouca xente a domina. Cómpre que todas as paixóns, todos os movementos da alma e todas as mudanzas do pensamento se reflitan no rostro do actor, se quere trasladar aos espectadores este interese vivo, que os ata ao Teatro.

Para chegar a este grao de expresión é avantaxoso ter recibido da natureza uns trazos marcados, de xeito que poidamos percibir doadamente os movementos. Cómpre que as faccións adopten a cada instante o carácter que convén á situación e que non se force tanto como para devir nun xesto forzado. Este defecto é moi común porque todo o mundo trata de interpretar co rostro, e non todos os actores teñen ese talento. Sen embargo, é doado non facer estes xestos: a suavidade dos movementos do rostro depende dun hábito puramente mecánico. A parte alta do rostro debe traballar sen pausa, e a boca e o queixo non deben moverse máis que para articular. Dise, con razón, que os ollos son o espello da alma. Con eles debemos representar todos os impulsos interiores. Por iso cómpre telos dunha cor marcada e dunha vivacidade que se perciba de

⁴² “Le terme de jeu muet, très utilisé au XVIIIe siècle, a deux acceptions. Au sens précis, il désigne à la fois le comportement du personnage à qui l’on parle et, chez celui qui a la parole, les gestes et attitudes qui précèdent, accompagnent et parfois interrompent son discours” (Rougemont 1988: 120).

lonxe, co fin de interpretar co rostro dun xeito perceptíbel. Os movementos da fronte axudan moito ao dos ollos. Un actor debe adquirir, a forza de exercicio, a facilidade de enrugar a súa fronte elevando as cellas, e de fruncir o entrecello baixándoas fortemente. A fronte enrugada, o ceño fruncido a diferentes graos e os ollos ben abertos ou case pechados, sinalan as diferentes expresións. A parte das meixelas que está xustamente baixo os ollos pode tamén, elevándose e baixando, contribuír en algo, mais cómpre ser moderado no movemento desta parte, que devén forzado doadamente. No referente á boca, non debe realizar movemento máis que para rir porque os que nos momentos de aflición baixan as comisuras da boca para chorar amosan un rostro moi feo e moi innobre. Todas estas maneiras de expresar deben empregarse ao falar. Con todo, só as menciono no artigo da interpretación muda porque ocupan aquí o lugar máis relevante e porque enxendran a máis grande beleza. O corpo tamén actúa nestas ocasións e contribúe á expresión tanto como o rostro, mais cómpre moderar moito os seus movementos na interpretación muda. Non só os xestos demasiado marcados e frecuentes resultan ridículos no actor que non fala, mais tamén poden prexudicar a atención do espectador para o que fala, o que dana o curso da escena: a atención é o máis necesario nesas ocasións. Un non debe semellar nunca insensíbel ao que escoita dicir, sobre todo se a cousa é de natureza para nos interesar. Mais non debemos esquecer nunca que o actor que fala é o que domina a escena, e que os que o escoitan non son máis que subalternos, por importante que sexa o carácter que representan. Vemos a moitos actores faltar a este principio, sobre todo aqueles que interpretan papeis de baixa comedia. O desexo de seren divertidos tanto como poidan, lévaos a facer, mentres están en silencio, contorsións moitas veces a contrasentido e fóra de lugar, ridiculez que divirte algúns espectadores e indigna as xentes de gusto.

O CONXUNTO

A unión que se debe atopar na interpretación e na narración de todos aqueles que están ao mesmo tempo en escena é o que se chama o conxunto. Esta arte demanda moita atención e dominio do teatro. Cómpre que varios actores, que normalmente teñen cadanseu carácter e unha situación que nunca é a mesma, conserven na súa interpretación certa relación que os preserve de ferir o oído ou a ollada do espectador. Podemos comparalos aos músicos que cantan un fragmento en varias partes; cada un articula uns sons diferentes, mais todos xuntos forman unha mesma harmonía.

Vexamos de que maneira o oído conduce os comediantes a este conxunto de que veño de falar. Cando un actor rematou o que tiña que dicir, aquel que colle a palabra despois del debe comezar co mesmo ton co cal o outro vén de rematar. Se os actores que están en escena teñen un bo nivel, han estar en harmonía porque cada un, ao rematar a súa estrofa, introduce o ton que debe seguir. Mais se achamos alguén que, afastándose do ton axeitado, nos deixa ben lonxe daquel de que debiamos partir naturalmente, nada nos dispensa de coller o seu ton, por malo que poida ser. Mais a través de transicións imperceptíbeis e rápidas, cómpre volver ao ton que a situación demanda. Débese atopar nos xestos e nos movementos de todos os actores a mesma correspondencia que nos tons da súa voz. Unha atención moi natural fai a cousa extremadamente doada. Que cada quen analice en que posición se atopa fronte aos outros. Se no seu papel debe amosar superioridade ou respecto, se lle convén mirar atrevidamente á cara de quen fala ou evitar o encontro dos seus ollos. E que acepte, segundo as circunstancias, que os movementos dun produzan os do outro, e que todos se manteñan exactamente na situación na cal a escena debe situalos. Os actores que permanecen sempre inmóbeis cando están en silencio e que non actúan máis que cando teñen que falar e tamén os que cun aire ocioso levan as súas olladas dun lado ao outro non saberían chegar a este unidade. Ao contrario, prexudican-

na coa súa indolencia. Todos os actores deben contribuír a aumentar a forza da expresión daquel que fala, e cando colaboran na acción ante os ollos do espectador, axudan grandemente a seducilo.

A INTERPRETACIÓN DE TEATRO

Algunhas veces todos os actores calan por un tempo e fan coñecer polos seus movementos o que acontece dentro deles mesmos ou o pensamento que os ocupa. Eis a interpretación de teatro, método tan gabado e tan escasamente posto en uso. Non ten máis límites que os que debe recibir do propio asunto. En tanto que podamos expresar cousas novas e que non saian nunca de situación, podemos estendernos na interpretación de teatro sen ningún temor. Podemos abandonar o noso lugar para ir buscar un actor moi afastado, inverter toda a orde na cal a escena comezou. E todo iso está ben sempre que conservemos a calor do momento, porque un instante de frío bota todo a perder.

De aquí procede a interpretación da pantomima, que non fixemos máis que mencionar por riba ata este momento e que poderíamos desenvolver con extensión, mais esixiría un estudio infinito. Hei dicirlle soamente a quen teña o propósito de aplicarse neste xénero que a pantomima non pode amosar aos ollos máis que situacións e que só podería expresar sentimentos. Todo o demais necesita da axuda da palabra. Así a pantomima, que está privada dela, non pode nin facer exposición, nin contar un feito, nin detallar reflexións. Só debe, desde o comezo ata a fin, progresar de situación en situación. Isto é o que fai este xénero de composición tan difícil.

Aquí tedes as partes máis coñecidas da *Arte do Teatro* abondo detalladas como para que unha persoa tan intelixente como vós sodes, señora, non teña a necesidade dun discurso máis longo. Vouvos agora falar doutras que só os actores perciben e das cales os

espectadores senten o efecto sen coñeceren a súa arte. Son dúas cuestións moi importantes, sobre as cales se tiran dodadamente ideas falsas e que se chaman o tempo e a fogaxe.

O TEMPO

O tempo encerra a precisión do momento en que se debe falar así como os intervalos que cómpre deixar no discurso para que descanse o espectador, para lle dar o tempo de asimilar novas impresións e para afastar, uns dos outros, os diferentes sentimentos que enchen sucesivamente un papel. Os que só interpretan maquinalmente non observan nunca estas pausas. Os que non son máis que imitadores emprégannas a cotío fóra de lugar e outros usan delas en exceso, o que dá á súa interpretación a máis desagradábel de todas as monotónías. Aquí tedes a regra que cómpre seguir para non errar. Cando debes responder a aquel que vén de falar, examinade se o que tedes que lle dicir é de tal natureza que non poida provir máis que dun impulso que o seu discurso vén de producir subitamente e sen preparación no voso ánimo. Ademais, este impulso debe semellar súbito e cómpre que a vosa resposta veña precedida dunha pausa. Porque cando ficamos sorprendidos por un sentimento imprevisto, o noso espírito énchese subitamente dunha multitude de pensamentos, mais non os distingue coa mesma presteza. Queda algúns instantes confuso ante a elección daquel que debe determinalo e, finalmente, o pensamento que adquire o maior ascendente sobre nós é aquel que nos arrastra. Daquela, todos os outros esváense e expresamos con firmeza o sentimento que nos domina. Nestas ocasións, o tempo ten a máxima brillantez e é absolutamente necesario. Hai moitas outras onde tamén se debe empregar. Cando a resposta que temos que dar non pode ser máis que froito do razoamento ou, se de súbito, dominados polo sentimento, a reflexión nos retén e só nos permite ceder gradualmente a un primeiro impulso. Ou cando por un esforzo que

realizamos sobre nós mesmos, dominámola enteiramente. Tratemos de explicar o precepto coa axuda dun exemplo.

Aquiles na sexta escena do cuarto acto de *Iphigénie*⁴³, pode facilitar un dos máis reveladores. Agamenón vén de facerlle unhas reflexións dunha soberbia que non poden máis que irritar este xove heroe e levalo á máis violenta cólera. Mais el reprímea tanto como lle é posíbel a un home do seu carácter. Non resposta axiña. Detense longo tempo, por fin fala e mentres pronuncia os versos

*Rendez grace au seul noeud qui retient ma colère*⁴⁴, etc.

as súas palabras son divididas por unhas pausas que expresan o contraste que producen nel a cólera e a reflexión. Finalmente a cólera arrástrao. Mais érrase a miúdo na expresión que convén nesta pasaxe. Teño visto actores, despois de teren pronunciado en voz baixa os dous primeiros versos, elevaren a modo a voz naqueles que seguen e remataren o fragmento cuns sons escandalosos.

Para expresar ben o sentimento e o carácter, o actor debe interpretar dun xeito completamente oposto ao que me referín. Nun home verdadeiramente intrépido, a cólera excesiva produce unha tranquilidade perfecta. Velaí o verdadeiro carácter da coraxe; colle o partido máis extremo sen que ningunha clase de timidez o poida facer vacilar. Aмосa, daquela, o sangue frío. Xa que logo, Aquiles debe dicir os dous últimos versos,

*Pour parvenir au coeur que vous voulez percer,
Voilà par quel chemin vos coups doivent passer*⁴⁵,

en voz baixa, aínda que con aire firme. Cómpre observar que con estas palabras el propón o combate e que tal proposición non se

⁴³ Obra de Racine estreada en 1674.

⁴⁴ *Dádelle gracias ao único lazo que contén a miña cólera.*

⁴⁵ *Para chegar ao corazón que queredes atravesar / Por este camiño os vosos golpes han pasar.*

fai nunca con berros indecorosos a alguén que merece a nosa estima. O movemento de cabeza ultraxante con que vemos algunhas veces acompañar ou seguir estas últimas palabras é, xa que logo, o máis contrario que se pode facer contra a nobreza e a verdade da situación. Este movemento mudo é ridículo e impropio. Mais remata unha gran escena e gústanos sermos aplaudidos ao saír, e o aplauso podería faltar interpretando ben, como veño de explicar. Porque os espectadores, afeitos a veren interpretar doutro xeito e a aplaudilo, están aparentemente persuadidos de que ese é o xeito correcto.

Regresemos ao tempo e examinemos as outras circunstancias onde as pausas son necesarias. Cando desexamos que aquel a quen falamos poña gran atención ao noso discurso, ou queremos que fique abraiado coas nosas razóns e que a súa alma reciba as impresións da nosa, debemos separar as distintas ideas que lle presentamos con pausas perceptíbeis. Damos por este medio á súa razón o tempo de medir as nosas palabras, e administrámonos os medios para aumentar a expresión gradualmente e para chegarmos ao punto de convencer ou seducir. Non hei falar deses momentos onde o corazón indeciso non sabe a que sentimento entregarse e pasa sucesivamente por movementos que non teñen en absoluto relación entre eles; todo o mundo comprende perfectamente que a elocución destes parlamentos debe ser cortada por tempos considerábeis. Só chamarei a atención sobre unha cousa e é a máis importante. Se o tempo que collemos é curto de máis, non produce ningunha impresión. Se é demasiado longo, aminora o sentimento que fixemos abrollar no espectador e que debemos conservar coidadosamente. Mercé a unha esquisita sensibilidade podemos dar ao tempo a súa xusta extensión. Permitamos ao espectador mergullarse o suficiente no que vimos de dicir para que sexa arrastrado polo que vai seguir, máis non permitamos que teña tempo de perder a ilusión. Sobre todo, non empreguemos as pausas máis que a propósito, por temor de que o oínte non se afaga e deveña á fin enteiramente insensíbel a elas.

A FOGAXE

O que os actores chaman fogaxe é precisamente o oposto ao tempo. Non é máis que unha vivacidade excesiva, unha volubilidade no discurso, unha precipitación no xesto por riba do habitual. Esta maneira de interpretar é algunhas veces necesaria e pode conmover moito cando se executa no momento preciso. As situacións en que unha paixón viva nos axita violentamente son as que con frecuencia dan lugar a esta fogaxe. O bo sentido indica moi claramente as ocasións onde convén como para que me entreteña en detallalas. Vou explicar tan só como se atopa en ocasións fóra de lugar, e como se entende ás veces por fogaxe o que non é máis que petulancia ridícula.

Se o noso espírito está animado de tal modo que non permite ningún lugar á reflexión, e non se atopa xa dono de si mesmo, cómpre falar con rapidez, moverse con vivacidade, non dar nunca aos outros o tempo de nos respostar e non conservar ademais ningunha orde nos xestos. Coido que apreciades, señora, a diferenza que fago entre o que denomino fogaxe e o que debe chamarse expresión viva e enérxica. Porque, excepto nas ocasións de que veño de falar, coa axuda do tempo expresámonos co maior vigor. Desta fogaxe que, ben empregada, produce excelentes efectos, naceu un defecto que desde hai moito tempo está en voga: trátase do uso inmoderado das tiradas. Cando un ten unha gran estrofa que dicir, cre resultar admirábel dicíndoa moi rápido e procurando, pola volubidade da súa lingua, deslumbrar o espectador, cousa que con frecuencia sucede. Non aprobei case nunca este método. Se un longo fragmento está cheo de cousas dignas de atención, deamos aos que nos escoitan tempo para comprender e apreciar todo. Se non encerra máis que palabras reunidas sen contido, convidemos o autor a acurtalo. Non digo que a tirada debe ser absolutamente desterrada do teatro, pois hai ocasións en que pode cadrar ben, mais son extremadamente escasas. Moitas das estrofas que un lanza deste xeito, se

fosen ditas máis lentamente, semellarían moi superiores ao oído do espectador delicado que quere entender todo o que escoita. Os actores novos teñen algunhas veces demasiada fogaxe e isto vólveos fríos. Queren enfatizar a expresión, mais a falta de hábito failles confundir a vehemencia e a precipitación coa forza.

A ESCOLLA

Meu pai, no seu *Poëme* [sic] *Italien*⁴⁶, sobre a arte de representar, dí que aquel que quere interpretar a comedia debe limitarse á clase de papel que convén ao seu talento, mais sobre todo á súa figura e á súa voz. Este principio é abondo xuízoso para que eu poida desviarme del. Porque non hei atreverme a dicir que todo actor debe ter unha fermosa figura e unha voz lisonxeira. Iso pode ser certo para os que interpretan a traxedia e a alta comedia; nada máis contrario á razón que esta idea, se consideramos todos os demais papeis da Comedia. Para interpretar Nicolle en *Le Bourgeois Gentilhomme*⁴⁷, Martine en *Les Femmes Sçavantes*⁴⁸ e mil outras, sen dúbida a figura dunha campesiña soez é con moito preferíbel a unha figura de ninfa, e unha voz dura convén mellor que unha máis doce. Acontece outro tanto nos papeis de vello, de campesiño, de pai ridículo e, mesmo, de criado. Quen nestes caracteres teña un talle fino e delicado, unha voz doce e, sobre todo, unha fisionomía nobre, ha desmentir continuamente a verdade e o gracioso do seu personaxe. Nunha palabra, M. Guillaume debe ter un corpo groso e Thomas Diaphorus debe presentar un aspecto ridículo. E eses non son precisamente trazos de beleza.

⁴⁶ Estase a referir a Louis Riccoboni (1728): *Dell'arte rappresentatiua capitoli sei* (Londres: s.e.), composición poética estruturada en seis cantos destinada aos actores noveis.

⁴⁷ Comedia de Molière estreada no ano 1670.

⁴⁸ Comedia de Molière estreada no ano 1672.

A PRÁCTICA

Despois de percorrer os diferentes puntos que comprenden a teoría do teatro, réstame, señora, darvos os medios de chegar con tento ata a práctica. Cómpre ir con paso medido, pois moitos actores fican atrás por quererem primeiro ir demasiado rápido. A arte de ben dicir é o primeiro paso cara ao teatro. A arte de expresalo todo é o cume da perfección. Baseándome neste principio, cando me atopei en situación de dar a alguén consellos sobre o estudio desta arte, tal foi o método que puxen en uso. Semella longo aos que non teñen paciencia, mais non creo que o haxa máis exacto nin máis útil.

A ESTANCIA

Cómpre, en primeiro lugar, afacerse a ler un fragmento como convén facelo cando un está nunha estancia rodeado de amigos. Este talento de ler ben non é común. Velaquí o que o caracteriza. Para reflexionar ledes en soidade e cando ledes diante doutros é para que reflexionen. O razoamento e a reflexión deben, pois, ser as partes dominantes nunha lectura feita na intimidade. A emoción non debe a penas estar presente, mesmo nas pasaxes máis intensas. Cómpre subliñalas o suficiente para que un as perciba, nunca o bastante como para chegar a unha expresión violenta que, de perto e en silencio, resulta sempre dura e con frecuencia ridícula. Este xeito de ler afai a voz a sosterse con igualdade en intervalos pouco distantes uns dos outros.

A ACADEMIA

Cómpre deste ton pasar a outro un pouco máis detallado. Trátase de ler o mesmo fragmento tal e como conviría facelo nunha sesión pública na Academia Francesa. O ton dunha lectura desta clase

non debe saírse aínda do razoamento. Só debe ter a maiores que o precedente unha maneira precisa de facer sentir a elegancia do estilo, a fermosa arquitectura da frase, a elección afortunada dos termos. A voz debe ser máis sonora porque se lle supón que debe difundirse nunha sala máis grande e ante un número de oíntes maior. A pronuncia debe mantela na máis grande dozura e na máis perfecta exactitude.

A AVOGACÍA

Agora somos quen de chegarmos ao ton da avogacía. Nel a expresión comeza a coller unha certa forza. Mais debe aínda ser moderada. O avogado ocupa, en certo modo, ante os xuíces o lugar do seu cliente. Fala para unhas persoas respectábeis que van decidir sobre a súa sorte. A persuasión é o seu obxectivo principal e o enterneamento é a vía máis segura. Debe, pois, razoar con firmeza, mais non con orgullo. Debe, no relato, ter gran coidado en suscitar o interese polo que describe. Mais debe conmoverse só en calidade de home e xamais como parte. Desa maneira a súa expresión será, á vez, nobre e estará fóra de calquera sospeita. Ao practicar o ton da avogacía afacémonos a falar dunha maneira atractiva.

O PÚLPITO

O púlpito elévase aínda moito máis. Leva consigo un ton superior e dominante. O orador sagrado, no momento en que fala, atópase nunha posición en que resulta infinitamente superior a todos os que o escoitan. Trata as materias máis respectábeis e debe, continuamente, inspirar o respecto que elas merecen. Se der un consello, faino como mestre; se se enternecer, non é máis que por piedade. Esta maneira de dicir leva á grandeza e conduce á maxestade. Chega á máis grande forza, e neste xénero todo lle convén.

O TEATRO

A escena reúne todos estes diferentes tons e, xunto a algunha cousa máis, é a expresión do seu propio sentimento. O lector non compuxo a obra que le, o académico non é o preceptor de quen o escoitan, o avogado non ten realmente un proceso, o orador sagrado non é máis que un home e o actor é a persoa mesma nunha situación precisa. Todo o que di debe semellar a expresión súbita do seu espírito. Seguindo a orde que veño de prescribir no estudio do teatro é como se chega a ser quen de expresar todo en calquera situación en que se puidese estar.

Pensaría ter dito todo se fose posíbel que un home coñecese bastante ben a súa arte por ter visto todo, mais non me enorgullezo ata ese punto. Toda a arte do teatro redúcese a un moi pequeno número de principios. Cómpre sempre imitar a natureza. A afectación é o máis grande de todos os defectos, aínda que sexa o máis común. Só o gusto pode conternos nos estreitos límites da verdade.

Todo o que escribín ata agora non aspira máis que a vos dar os medios de distinguir ben estes límites. A vosa intelixencia, señora, pode ela soa facer o resto.

FIN.

APROBACIÓN

Lin por orde de Monseñor o Chanceler a *Arte do Teatro*.
Atopei os principios ben desenvolvidos e as regras moi útiles para a
perfección desta arte. Coido que o público verá a impresión con
pracer. Feito en París o 21 de Outubro de 1749.

DE CAHUSAC.

APÉNDICE

CARTA DO SEÑOR
RICCOBONI, FILLO,
AO SEÑOR***.

Sobre a Arte do Teatro.

SEÑOR,

Enviádesme o *Journal de Trévoux* e as *Observations sur la Littérature moderne* como dous escritos que se ocupan da miña pequena obra. Xa lera o primeiro. En canto ao segundo, se non mo enviasedes non o coñecería pois hai cousas que non leo nunca. Queredes saber, sen dúbida, como hei tomar os xuízos que se fan á miña conta e que manifeste as miñas razóns sobre as obxeccións que se me fan. De acordo, pois a materia que tratei, por constituír desde hai vintecinco anos a miña principal ocupación, foi para min o suficientemente familiar como para que poida facer coñecer doadamente os fundamentos sobre os cales os meus principios están establecidos. O *Journal de Trévoux* criticame en primeiro lugar polo título. Pensa que a *Arte do Teatro* debería tratar da composición das obras dramáticas para que o título fose completo en toda a súa comprensión. Prégolle a quen é o autor disto permitir que me opoña ao seu sentimento. Gústame servirme de termos propios. Se eu dese nunha obra as regras da composición teatral, teríaa chamado *Poética do Teatro*. Mais tratei a arte de representar sobre o escenario. A arte propia do teatro non pode entenderse como parte doutra arte e, polo contrario, contén todas as outras maneiras de falar en público. É, pois, a única a que pode convir o nome que lle dou. Se algúns autores chamaron *Arte do Teatro* á maneira de compoñer no xénero trágico ou cómico, é unha falta que eles cometeron e que non debe nunca servir de regra. Semella despois atopar mal que trate do xesto, é dicir, da disposición total do corpo, e iso fundado sobre que en tempo dos romanos *os que ensinaban teatro non ensinaban nada sobre o xesto*. Cometían un gran erro por non daren nunca leccións sobre unha parte que ten unha importancia tan grande. Inflúe sobre todas as demais ata tal punto que un actor cun xesto que sexa malo non poderá ser verdadeiramente agradábel, por moito talento que tiver. O *Maître de Palestre*, di el, era aquel que dispoñía o corpo. Sen ir buscar tan lonxe unha erudición que non me sería moi necesaria, podo dicir que este oficio era propio do *Maître à danser*. Ademais, quen recibiron boas leccións de danza recoñeceron ben de onde parten os principios que dou sobre este asunto. Mais, ¿como un home ocupado polos estudos profundos esqueceu o *Maître à danser* e como, mestrado na antigüidade, lembrou o *Maître de Palestre*? Estou, xa que logo, obrigado a facer aquí unha reflexión sobre a diferente maneira en que un debe estar disposto para a danza ou para a representación. O bailarín non rende conta aos espectadores máis que dos movementos do

seu corpo. O actor debe atraer toda a súa atención sobre as emocións da súa alma. O que danza debe sempre presentarse na actitude dun modelo pitórico, e todas as posicións que adopta son rebuscadas. O que interpreta non debe empregar as posicións brillantes máis que ocasionalmente e cando se ve forzado. Polo común, debe presentarse con sinxeleza. Por iso considero que non hai que estudar os xestos diante dun espello. Un home que se observa nun espello afaise a compasar e ralentizar os seus movementos en demasía, o que lle quita liberdade. Ao permanecer un tempo excesivo nas actitudes que máis deleitan os seus ollos, ao repetilas máis a miúdo que as que lle semellan menos admirábeis, faise afectado. O bailarín, polo contrario, non pode escoller nunca mellor mestre que o espello, porque todas as cousas que veño de citar como defectos naquel que interpreta, mudan en perfeccións cando se atopan en quen danza. A experiencia é tan favorábel ao que digo que os comediantes recoñecen, en canto ven un actor, se estudiou o seu xesto observándose no espello ou se seguiu o método correcto. *Démostenes*⁴⁹ actuaba doutro xeito; se non había nel ningunha afectación debíase, sen dúbida, a que o seu gusto superior o preservaba. Por outra parte, a diferenza é grande entre un orador subido a unha tribuna que non sae nunca do seu lugar e que non amosa máis que a metade do seu corpo, e un actor que está case sempre en movemento e que vemos da cabeza aos pes. Sobre o termo declamación collido no sentido en que eu o entendo, despois de ter amosado moita erudición, o *Journaliste* fai ver que comprendeu o que eu quería dicir, e non teño máis nada que lle pedir. Mais cita un precepto de Quintiliano co cal non estou en absoluto de acordo, por moi seria que sexa a súa autoridade. *Os comediantes*, di o orador, *non adoptan completamente o ton da conversa, porque iso non tería nada de arte*. Para min teño que, se adoptamos outro, non temos arte, e que cómpre ter moita para chegar ata este grao de verdade. O actor debe soamente falar máis alto que na estancia, todo o mundo comprende a razón. Mais aqueles que non practicaron o teatro non saberían imaxinarse que difícil é elevar a voz sen saírse do ton natural. ¿Esta pasaxe de *Quintiliano* non podería facernos sospeitar nos Romanos o falso gusto da declamación enfática? Moito temo que así é. O baixo-continuo, os instrumentos que dan o ton, o ritmo marcado, todo iso nos dá a idea máis ben

⁴⁹ “Y por eso solía Demóstenes prepararse la representación del discurso mirándose en un gran espejo. Hasta tal grado dispensó él confianza cabalmente a sus ojos, en lo que el gesto generaba, aunque la brillante claridad del espejo le devolvía de lado contrario las imágenes” (Quintiliano 2000: XI, Cap. III, 68).

dun canto ou, cando menos, dunha salmodia que nos custaría aturar. Sen embargo, non quero pronunciarme sobre este asunto. A declamación dos antigos énos tan descoñecida, malia as indagacións dunha multitude de autores, que non sabemos aínda a que aternos. Mais todo o que se nos di deles resúltanos tan enoxoso que custa crer que unha nación instruída e delicada puidese aceptalo. Sobre o artigo da *Nobreza* expliqueime cunha brevidade que pode levar á confusión: non expuxen as razóns que me obrigaron a pronunciarme sobre este punto dun xeito tan decidido. O *Journal de Trévoux* lévame a facer aquí unha reflexión que me vai obrigar a render conta das miñas opinións dun xeito máis intelixíbel do que fixera nun primeiro momento. Non se trata na miña obra máis que dos medios de representar. Dixen en diversos lugares que o actor debe expresar con toda a forza e precisión necesarias. Se fixer o que lle prescribo expresará seguramente, tal como son, xunto á palabra, o pensamento e o sentimento do seu papel. Con todo, se non ten as cualidades que esixo no xesto, a súa interpretación non será nunca nobre, por moito coidado que o autor poña en levalo á nobreza. Da bela disposición do corpo, pois, depende *principalmente* a nobreza do actor, xa que polo demais pode ser perfecto sen ser nobre. O crítico introducido no *Journal* como interlocutor, querendo facer unha comparación da nobreza do sentimento, das maneiras e da conversa coa do teatro, despois de ter dito varias cousas ás que lles falta clareza, remata por concluír que o que fai a *nobreza* é un *non sei que*. Esta expresión pode empregarse nunha conversa lixeira onde non se ten tempo de aprofundar. Mais nunha materia de discusión non é de recibo. O home que reflexiona debe buscar a verdadeira causa de todo, achala ou, cando menos, aproximarse a ela. ¿Como? ¿Non sabe de onde vén a *nobreza do sentimento*? O desinterese é a orixe. Todo sentimento que non ten ningunha relación co noso interese e polo que, sen embargo, sacrificamos o noso beneficio, atópase no caso da verdadeira nobreza. As *maneiras nobres* son froito da boa educación que nos fai tratar sempre os demais con esta dozura e urbanidade que lles dá avantaxe en todo. Outra clase de desinterese: a conversa é nobre só cando os asuntos que nos presenta son propios para nos elevar o espírito e cando se concibe máis en termos escollidos e conformes ao bo gusto. Velaí as verdadeiras orixes da *nobreza* nos tres casos que el propón, e non vexo nisto nada de *non sei que*. Dise despois que os criados, as criadas e os actores da baixa comedia, se a nobreza dependese da soltura e da simplicidade no xesto, poderían interpretar nobremente. Iso é certo. Tamén dixen eu expresamente, *que todo personaxe desta espe-*

cie debe afastarse con coidado das partes da delicadeza que un pode adquirir pola educación e o trato social. É un principio que todos eles seguen exactamente e, sen descer a unha excesiva baixeza, poñen coidado especial en evitar os xestos nobres e o aire desembarazado que non lles conviría. Agora o *Journal*, lembrando os títulos de varios apartados sobre os que non quere entrar en ningún detalle, di que tería sobre esta materia moitas preguntas que facerme. Iso significa que eu podería ter prolongado considerabelmente a miña obra. Podería telo feito, sen dúbida; ¿mais debía facelo? Creo que en absoluto. Dei ao público a *Arte do Teatro* tan só co fin de que servise á instrución daqueles que, pola razón que for, queren aprender a representar. Xuntei os principios no menor espazo posíbel para que todos puidesen estar presentes á vez, no momento da representación, na mente de quen teña estudiado a miña obra. Pois ben se ve na maneira en que a escribín que non pretendín facer un libro de entretemento. Expliquei todo co maior grao de clarezza de que fun capaz. Razoei sobre as materias de que, na miña opinión, algunhas persoas non terían coñecemento, mais omitín demostrar o que imaxinei que todo o mundo debía saber. Con todo percibo que os lectores instruídos non teñen razón en criticaren eses escritores que presentan a mesma idea baixo dez rostros diferentes antes de abandonala, temendo non seren perfectamente comprendidos. Repróchaselles ter demasiada mala opinión dos lectores, mais criticaseme agora por ter pensado o contrario. Con respecto á erudición eu tería podido amosar moita sen dificultade. Non tiña máis que reler a *Vossius*⁵⁰ e tería atopado con que encher catro volumes con anécdotas da antigüidade que moita xente ignora. Coñezo como calquera outro eses útiles recompiladores que escolman a literatura, e a través dos cales un escritor dos nosos días ten a comodidade de semellar ter lido unha chea de autores orixinais en que, posibelmente, xamais reparou.

Non me resta máis que rogar ao autor do *Journal* non atopar mal que eu colla partido por eses pobres amantes que el queredría ver despiadadamente asubiados. Teño pola decencia tanto respecto como os homes máis xuízosos nos fan ver. Mais non sabería afacerme a atopalos tan asañados contra o amor nas obras dramáticas. Este sentimento é puro e honesto en si. Ningunha lei xamais pretendeu atacalo na súa esencia. Critícanse os

⁵⁰ Gerardus Johannis Vossius nace no 1577 e morre no 1649. Humanista holandés precursor dos estudos sobre a Antigüidade. A destacar: *De historicis Graecis* (1624), *De historicis Latinis* (1627), *De theologia Gentili et physiologia Christiana* (1641).

excesos en que poden caer os que sacrifican todo aos seus desexos porque todos os excesos son condenábeis. Mais se acontece que hai homes que fan un uso inmoderado do viño, ¿cómpre dicir, daquela, que é vergonzoso ter sede? Nós non representamos no teatro máis que o amor honesto que ten como fin o matrimonio ou, cando menos, non nos interesamos máis que por ese amor. Se algúns autores pouco moderados escribiron sobre este asunto cousas indecentes, non son máis que anécdotas que estaría ben suprimir. Mais o fondo do sentimento é sempre tratado sobre o escenario conforme a honestidade máis perfecta. Algunhas veces amosamos o ridículo do amor nos vellos, mais é para facelo despreciable e castigalo.

A comedia máis depurada, para tender á corrección das condutas, debe representar non soamente o que é ridículo, mais tamén os vicios sempre que os rexeite. O seu oficio é presentar ao espectador situacións en que, por vergonza, non quereda participar.

Todo isto, penso eu, abonda para responder ás obxeccións do autor do *Journal*, a quen, por outra parte, fico obrigado por non ter achado máis que tan pouca cousa a reprender nunha obra que non tiña ganas de tratar docemente. Pode un reparar nisto pola esterilidade das súas aprobacións. Di nun só lugar que *está bastante ben*, expresión pola cal debo estar bastante contento.

Cómpre, pois, que pase ás *Observations*. ¡Ah! Señor, ¿que ocupación me dades? ¿O autor escribiu para que se lle responda? Cre que non coñezo os que antes ca min tiveron a empresa de escribiren sobre o mesmo asunto. Trabúcase abondo; fun dos primeiros en ler o libro que leva por título *Le Comédien*. Eu, coma el, atopeino agradábel, cheo de espírito, de gracia e elegancia. Procuraba nel con que instruírme porque ese é o máis fervente dos meus desexos. Mais despois de ter lido e relido toda a obra con atención, non atopei nela un só principio que puidese conducir á arte de representar. O *Observateur*, que di que a obra está chea deles, non cita un só, aínda que faga o resumo o mellor que pode. ¿Cre que sexa un principio da arte dicirnos que a arte e a natureza deben coincidir para faceren un bo comediante? ¿Que un actor debe ser natural, variado, gracioso, interesante, fino, enérxico, delicado e impresionante? ¿Que debe ser nobre ou divertido, segundo o xénero do seu personaxe? ¿Que o seu xesto non debe estar nunca falto de gracia, nin a súa voz ser desagradábel? Todo iso coñé-

cese no patio e é todo o que cómpre saber para observar o espectáculo e para realizar a súa interpretación. Mais os medios de chegar a estas diferentes perfeccións non son de ningunha maneira explicadas en *Le Comédien*. Só poden aprenderse sobre o escenario. Como de todos os que tiveron estes coñecementos fun eu o primeiro que os puxo por escrito estábame, creo, permitido dicir que ninguén antes ca min o fixera.

¿O *Observateur* pensa que nos ten dado o medio seguro de interpretar ben, recomendándonos observar os bos actores e facer coma eles? O recurso é admirábel. A nosa arte sería ben doada, non careceríamos nunca de excelentes alumnos e formaríanse moi doadamente, se non fose necesario máis que ver interpretar os outros para estar en situación de igualalos. *Le Comédien* non é a única obra en que se teña falado abondosamente verbo desta materia. *M. De Grimarais*⁵¹ e *M. l'Abbé du Bos*⁵², que sen dúbida o *Observateur* non coñece, tentaron de nos dar algúns principios, mais os dous sen éxito. Con todo, M. l'Abbé du Bos realiza verbo da representación unhas reflexións moi delicadas e que denotan ben o home de espírito e de gusto. Non lle faltaba máis que coñecer a arte para dicir todo o que compría.

O *Observateur* repréndeme por non ter feito a gabanza de ningún actor en particular, e para non merecer unha crítica semellante ten coidado en incluír na súa Folla o panexírico dos que foran esquecidos en *Le Comédien*. Non reparou, pois, en que digo de Me. Baron, de la Torillière e de Mlle. le Couvreur. Coido ter lembrado a súa memoria dunha maneira que lles tería sido moi agradábel en vida, aínda que o fixese sen afectación. Con respecto aos actores de hoxe, son o seu camarada, o seu servidor e o seu amigo. Mais como a liberdade das miñas distraccións non dependía da súa protección, crínome dispensado de adulalos. Aínda que coñecese o seu mérito, non me convíña nada provocar envexas coas miñas loanzas, como tampouco sinalar a ninguén nas miñas críticas. O *Observateur* advertiu esta delicadeza e desapróbaa. Atopa, polo contrario, unha liberdade admirábel en *Le Comédien*. Mais nesta obra moita xente é gabada e ninguén é

⁵¹ Refírese ao texto de Grimarest: *Traité du récitatif*, publicado en París en 1707.

⁵² Sen dúbida, este autor tivo moito máis peso entre os tratadistas do XVIII que o primeiro citado. A súa emblemática obra *Reflexions critiques sur la Poésie et sur la Peinture*, editada en 1719, coñeceu varias reedicións ao longo do século XVIII.

criticado. Non hai niso, en absoluto, un trazo de liberdade, senón de delicadeza e cortesía. Un non ficou sorprendido por atopar esas dúas cualidades no libro dun autor que sempre foi recoñecido por posuílas nun grao salientábel, e digno dos eloxios de todos os que se interesan pola sociedade. Un estaría máis sorprendido de velas nalgunha folla das *Observations*.

Véxome na obriga de presentar escusas a M. Raimond [sic] de Sainte Albine por ter dito aquí o meu sentimento verbo dalgunhas partes da súa obra. Se non estivese forzado pola circunstancia, xamais habería dicir unha palabra que lle puidese semellar directamente oposta. Se tivese esta intención podía satisfacerme ou no curso da miña obra mesma, ou nun prefacio que tería destinado especialmente para iso. Mais aínda non estou reducido á infeliz necesidade de non poder atopar máis que nas obras alleas con que estragar o papel. Se por desgracia o desagrado agora, que faga os reproches no *Observateur*, que alí me apremie. *La Fontaine* ten moita razón en dicir na fábula do *Amateur des Jardins et de l'Ours* que é máis enoxoso que útil ter amigos de certa clase.

O que hai de admirábel no *Observateur* é que só leu os dous primeiros artigos da *Arte do Teatro*, ou cando menos non puxo atención máis que neses e, conforme o seu hábito, escandalizouse. ¡Pódense dar regras para conducir ben as diferentes partes do corpo! ¡para estar certo nos tons da voz! ¡Ah! ¡Que ignominia! ao escribir verbo dunha arte que debe representar os movementos da alma, movementos que un non pode dar a coñecer máis que por medio dos órgaos do corpo, ¡que torpeza a miña por non ter omitido as partes máis esenciais e sen as cales a arte non existe! Aínda que eses dous artigos estean seguidos doutros vinteoito onde se tratan cousas moi diferentes, o *Observateur* non viu máis que brazos e pernas por todas as partes. Por iso cre que o meu libro só é propio para formar actores autómatas. ¡Ai! Por desgracia para o noso século vemos moitos lectores e, mesmo, escritores semellantes aos actores de que el fala.

Vou agora explicarlle o sentido dunha palabra francesa que non entende, aínda que M. Raimond fixera claramente coñecer a significación. *Modulación* quere dicir mudanza de ton; *modular* é pasar dun ton a outro. Cando dixen *que o actor debe coller o mesmo ton do actor que vén de rematar*, quero dicir ao pé da letra o mesmo ton e non a mesma modulación, o que, en vista da significación do vocábulo, non sería máis que un absurdo.

Coa axuda das modulacións o actor chega axiña aos outros tons que deben caracterizar a situación. Eis unha desas regras que o *Observateur* non coñece e que, mesmo, ten dificultade para a concibir. Eu non son en absoluto o inventor; Mr. Baron practicábaa escrupulosamente e todos os bos actores a coñecen. Os malos ignóranna e só niso son discordantes. Non abonda con coñecer pouco máis ou menos a súa lingua, cómpre coñecer as Artes para empregar con exactitude os termos que lles son propios.

Por último, atopo un punto que aproba no meu libro. É aquel onde digo de pasada unha palabra verbo dos predicadores. Son sensíbel á bondade que me fai. ¿Mais como non atopou pasábel máis que iso? Creio adiviñar a razón. A predicación podería ter formado parte dos seus estudos, e velaí porque me entendeu ben cando falei do púlpito. Se un día estudia teatro, teño motivo para esperar que estaremos de acordo sobre outros asuntos.

P. S.

A miña carta estaba rematada, como vedes, señor, cando lin o *Mercur*⁵³. M. Rémond de Sainte Albine, autor desta obra periódica e, ao mesmo tempo, de *Le Comédien*, pouco contento coas gabanzas que o *Observateur* lle tiña prodigado, non se creu dispensado de facer el mesmo o eloxio do seu propio libro. Non cómpre reprocharlle nada. Iso está hoxe de moda. Os autores que o público non aplaude abondo resárcense pagándose eles mesmos o tributo que non poden arrincar aos demais. Mais ¿onde colleu M. Rémond as anécdotas que el cita cun ton tan seguro verbo do tempo en que a miña obra foi composta? Ningún dos meus círculos sociais é o del. Nunca lin a miña obra máis que a aqueles para os que a fixen, xente que el non coñece e que son moi poucos. ¿Como coñece el un momento como o que asegura tan afirmativamente? Ouso afirmar que non é certo. Eu non tiña feito, di el, máis que os dous primeiros artigos da *Arte do Teatro* antes da impresión do seu libro. Ben querería, polo que parece, que eu non tivese feito máis. Mais, ben lonxe de eu ter prolonga-

⁵³ Consultar o interesante traballo de P. Tort (1980): *L'origine du paradoxe sur le comédien* (París: Vrin).

do a miña obra para entregala á impresión, podería demostrar que a acurtei máis dun tercio. Sempre fixen eloxio da precisión e xamais procurei facer unha obra longa; antes ben, na medida do posíbel, unha boa obra. A calidade dos escritos non se mide polo volume. Quen fale con excesiva prolixidade de pequenas cousas ha ser moito menos completo que aquel que reserva as palabras necesarias para expresar todas as ideas que a materia require.

Repróchaseme non ter citado a ninguén. ¿Mais *M. de Ste Albine* citou alguén? ¿Por que non recorda o enxeñoso *paralelo da Pintura e da Poesía*, onde M. l'*Abbé du Bos* fala acerca da representación moito mellor de que se fixo despois? Non falei de *Le Comédien* por cortesía, e M. Remond non debería ter falado del por modestia.

Sobre o artigo do *Sentimento* non respondo a ningún dos meus críticos por unha razón moi simple. Cómpre ter interpretado a comedia e ter levado a expresión ata o grao de forza necesario para estar en situación de vulgarme sobre este punto. Cando un se cre enxeñoso, e todo o mundo pensa que o é dabondo, un imaxina estar en situación de vulgar todas as artes sen telas estudiado xamais, aínda pase. Mais que un se crea quen de escribir as leis dunha arte de que non tivo nunca outro hábito que o de vela exercer por aqueles que a profesan, velaquí o que non aconteceu nunca máis que no noso século, onde as cousas máis estrañas se fixeron habituais.

Todas as outras críticas do *Mercure* son as mesmas que as das *Observations*. Coido, pois, ter dado as respostas axeitadas. Non vexo nada que cambiar, se non é o eloxio que fixera da honestidade de M. *Remond de Ste Albine*. O que leo no *Mercure* aprendeume que eu estaba equivocada. E se fago imprimir esta carta, hei meter na *errata* que cómpre borrar todo iso.

FIN

Lido e aprobado a 16 de Marzo de 1750,

CREBILLON.

Vista a Aprobación, permito imprimir, con cargo ao rexistro na Cámara Sindical, a 11 de Marzo de mil setecentos cincuenta.


Asinado BERYER.

Rexistrado polo Rexistro da Comunidade dos Libreiros e Impresores de París. Nº 3381. a [sic] 10 de Abril de 1750. LE GRAS, Síndico.

ÍNDICE

LIMIAR	9
SOBRE A INTRODUCCIÓN	12
ALGUNHAS NOTAS SOBRE A FAMILIA RICCOBONI	13
APROXIMACIÓN AO ESTUDIO DUNHA TEORÍA DA INTERPRETACIÓN TEATRAL MODERNA	17
1. <i>A ARTE DO TEATRO</i> E O SEU CONTEXTO INTELECTUAL	19
2. <i>A ARTE DO TEATRO</i> E O SEU CONTEXTO TEATRAL	29
2.1. AS SALAS DE EXHIBICIÓN	30
2.2. A ILUMINACIÓN	34
2.3. O VESTIARIO	36
2.4. A FRAGMENTACIÓN ESCÉNICA	39
3. <i>A ARTE DO TEATRO</i> E O SEU CONTEXTO TEÓRICO	42
4. FRANÇOIS RICCOBONI. <i>A ARTE DO TEATRO</i> . PARÍS. 1750	51
5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	66
6. SOBRE A TRADUCCIÓN	68
7. ILUSTRACIÓNS	69
L'ART DU THÉÂTRE, DE FRANÇOIS RICCOBONI. PARÍS. 1750. (EDICIÓN FACSIMILAR)	77
<i>A ARTE DO TEATRO</i> , DE FRANÇOIS RICCOBONI	219
APÉNDICE. CARTA DO SEÑOR RICCOBONI, FILLO, AO SEÑOR. SOBRE <i>A ARTE DO TEATRO</i>	267

FRANÇOIS RICOBONI
2002, POR VOLTA DOS
DOUSCENTOS TRINTA
ESTE LIBRO SAÍU DO
ANOS DA MORTE DO ACTOR
PRELO DE LUGAMI
E RENOVADOR TEATRAL
O 1 DE NOVEMBRO DE



LIBROS PUBLICADOS

1. Xaime Quintanilla: DONOSIÑA
(Edición de Laura Tato)
2. Denis Diderot: O PARADOXO SOBRE O ACTOR
(Edición bilingüe de X. C. Carrete Díaz e F. Sucarrat Boutet) –Esgotado–
3. Antón Villar Ponte: ENTRE DOUS ABISMOS e NOUTURNIO DE MEDO E MORTE
(Edición de Emílio Xosé Ínsua López) –Esgotado–
4. Oscar Wilde: ERNEST
(Edición bilingüe de Miguel Pérez Romero) –Esgotado–
5. Aristóteles: POÉTICA
(Edición bilingüe de Fernando Muñoz)
6. Hildegarde de Bingen: O DESFILE DAS VIRTUDES
(Edición bilingüe de Xosé Carlos Santos Paz)
7. Ramón Otero Pedrayo: O FIDALGO E O TEATRO (TRES TEXTOS DRAMÁTICOS)
(Edición de Xosé Manuel Sánchez Rei)
8. TRES PEZAS CÓMICAS MEDIEVAIS
(Edición bilingüe de Henrique Harguindey Banet)
9. Pedro P. Riobó Sanluís: O TEATRO GALEGO CONTEMPORÁNEO (1936-1996)
10. O TEATRO DE CHARLES BAUDELAIRE. PROXECTOS
(Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
11. Ricardo Carvalho Calero: ESCRITOS SOBRE TEATRO
(Edición de Laura Tato)
12. António Ferreira: CASTRO
(Edição de M^a Rosa Álvarez Sellers)
13. Rosvita de Gandersheim: OBRA DRAMÁTICA
(Edición bilingüe de Xosé Carlos Santos Paz)
14. Llorenç Villalonga: DESBARATOS
(Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
15. José Oliveira Barata: O ESPAÇO LITERÁRIO DO TEATRO. ESTUDOS SOBRE LITERATURA DRAMÁTICA PORTUGUESA/I
16. Alexandre Ballester: NUN PREGUE DE VELUDO
(Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
17. Goretta Sanmartín Rei: O TEATRO DE XAN DA COVA. *LA GALICIANA E MARÍA PITA*
18. Josep Pere Peyró: DESERTOS
(Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
19. Afonso Álvares: AUTO DE SANTIAGO
(Edição de Juan M. Carrasco González)
20. Ramón Cabanillas: A VIRXE DO CRISTAL
(Edición de Manuel Ferreiro e Goretta Sanmartín Rei)
21. TEATRO BRASILEIRO: TEXTOS DE FUNDAÇÃO
(Edição de Maria Aparecida Ribeiro)
22. Joan Guasp: O VENDEDOR DE AMENDOÍNS
(Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
23. Roberto Cordovani: TEATRO BRASILEIRO NA GALIZA
(Edição de Eisenhower Moreno)
24. François Riccoboni: A ARTE DO TEATRO
(Edición bilingüe de Roberto Salgueiro)

